XUNTA DE GALICIA | COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA JOSÉ MARÍA LAGE

*CURSO 2025-2026*

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

# PXA

*CURSO 2025-2026*

## ÍNDICE


| | |
|---|---|
| 1. INTRODUCIÓN | 2 |
| 2. MARCO LEGAL | 2 |
| 3. DATOS DO CENTRO EDUCATIVO | 7 |
| 4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS | 9 |
| 4.1. COMEDOR ESCOLAR | 9 |
| 4.2. TRANSPORTE | 10 |
| 4.3. MADRUGADORES | 10 |
| 4.4. ACTIVIDADADES EXTRAESCOLARES | 11 |
| 5. PERSOAL DO CENTRO | 11 |
| 5.1. EQUIPO DIRECTIVO | 11 |
| 5.2. PERSOAL DOCENTE | 11 |
| 5.3. PERSOAL NON DOCENTE | 16 |
| 5.4. CONSELLO ESCOLAR | 16 |
| 5.5. ALUMNADO | 17 |
| 6. CALENDARIO ESCOLAR E HORARIOS | 18 |
| 6.1. ELABORACIÓN DE HORARIOS. CRITERIOS PEDAGÓXICOS | 22 |
| 6.2. QUENDAS VIXILANCIA RECREOS | 23 |
| 7. OBXECTIVOS | 25 |
| 8. LISTADO DE MATERIAL | 30 |
| 9. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS | 31 |
| 10. PLANS E PROXECTOS | 31 |
| 10.1. CONCRECIÓN DO PLAN DIXITAL | 31 |
| 10.2. CONCRECIÓN DO EQUIPO TICS | 31 |
| 10.3. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA | 33 |
| 10.4. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 34 |
| 10.5. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | 35 |
| 10.6. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE BENESTAR E CONVIVENCIA | 36 |
| 10.7. CONCRECIÓN DE ACTIVIDADES DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN | 38 |
| 10.8. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 40 |
| 10.9. PLANS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO | 40 |
| 10.10. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO | 43 |
| 11. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS | 43 |
| 12. COMISIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO (4º PRIMARIA) | 43 |
| 13. NECESIDADES E MELLORAS DO CENTRO | 44 |
| 14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO | 47 |
| 15. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PXA | 47 |
| 16. ANEXOS | 48 |

## 1. INTRODUCIÓN

A Programación Xeral Anual é un documento que recolle todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro, incluídos os proxectos, o currículo, as normas, e todos os plans de actuación acordados e aprobados, segundo se establece na actual *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*. A elaboración da Programación Xeral Anual correspóndelle ó Equipo directivo, atendendo ás propostas achegadas polo Claustro. A aprobación e avaliación da mesma é competencia, posteriormente, do Consello Escolar, quen respectará a organización e planificación docente. A Inspección educativa supervisará a Programación Xeral Anual para comprobar a adecuación desta, podendo formular suxestións que estime oportunas e indicando as correccións que procedan.

O Decreto *374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria*, xunto coa *Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* reflicten os aspectos que a Programación Xeral Anual debe recoller como documento de centro.

Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. MARCO LEGAL

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOMLOE).

- *A nivel Organizativo*

Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos

colexio de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

V Convenio colectivo único para el persoal laboral de la Xunta de Galicia

Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria

Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e da adolescencia fronte a violencia.

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Orde 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Instrución 1/2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2025-2026.

Instrución conxunta 1/2024, da secretaría xeral técnicada consellería de educación, ciencia, universidades e formación profesional e da dirección xeral de mobildiade da consellería de presidencia, xustiza e deportes, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares.

Resolución do 4 de xuño de 2025 da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2025/26

Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2025/26.

- *A nivel curricular*

Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- *A nivel de convivencia e inclusión*

Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e da adolescencia fronte a violencia.

Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes

da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Protocolos establecidos na Estratexia galega Educonvives, que proporciona aos centros docentes unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias á convivencia, que guía a actuación do profesorado nestes casos. Contén orientacións que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes que formulan os centros cando se enfrontan a unha situación desta índole, e modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación.

## 3. DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

Datos de identificación do centro escolar

| Nome | CEIP José María Lage |
|---|---|
| Código | 15011981 |
| Dirección | Rúa Pedro Castiñeiras s/n Ortigueira. A Coruña(15330) |
| Teléfono | 881 93 04 17 |
| Mail | ceip.josemaria.lage@edu.xunta.gal |
| Web | https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosemarialage/ |

O CEIP José María Lage é un centro con 50 anos de traxectoria. Está situado no municipio de Ortigueira, provincia de A Coruña, dentro da comarca do Ortegal. O censo do concello é de 5.418 habitantes no ano 2024 segundo o INE (Instituto Nacional de Estatística).

O centro conta con 13, 4 de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria. A xornada escolar é continua en horario de 9:35 a 14:35.

Conta con servizo de comedor escolar de xestión directa e transporte escolar. Así mesmo, en vista de favorecer a conciliación familiar, en colaboración co Concello desenvólvese o servizo de madrugadores e en colaboración coa AMPA do centro, as actividades extraescolares.

Os espazos do centro distribúense nun único edificio con dous andares: andar baixo e primeiro andar.




Figura 1. Planta baixa do edificio principal




Figura 2. Primeiro andar do edificio principal

No plano da planta baixa podemos atopar as aulas de Música, Biblioteca e aulas de Educación Infantil, aseos de infantil, patio cuberto de infantil, ximnasio, aseos do ximnasio, aulas de 1º e 2º de Educación Primaria, aula de Audición e Linguaxe, aula de Pedagoxía Terapéutica, aula de Educación Plástica e Visual e inglés (seccións bilingües), aulas de almorzos, aula da ANPA, patio cuberto de 1º e 2º, comedor, cociña, almacéns, despacho de dirección e secretaría e aseos mestres/as (neste andar hai algunhas aulas baleiras destinadas a outros usos).

Por outra banda, no primeiro andar (Figura 2) atopamos as aulas de 3º e 4º de Educación Primaria, a sala de mestres/as, a aula de informática, o despacho do Departamento de Orientación, aula de inglés 2º ciclo, almacén, titoría 2º ciclo, aula de robótica e aseos; e cara o outro lateral, as aulas de 5º e 6º de Educación Primaria, aula de audiovisuais, laboratorio, aula de inglés 3º ciclo, aula de relixión e aseos (neste andar hai algunhas aulas baleiras destinadas a outros usos).

Así mesmo, no noso centro contamos con espazos exteriores como a pista de fútbol do 1º ciclo de primaria, galpón cuberto, pista de fútbol e baloncesto do 2º ciclo de primaria e patio exterior de educación infantil. Tamén facemos uso do pavillón municipal.

## 4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### 4.1. COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor do noso centro corresponde coa modalidade de *Xestión directa*, tal e como se recolle no artigo 2 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto:

*Xestión directa da consellería con competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar, onde serán consumidos exclusivamente por comensais do dito centro ou, se é o caso, por comensais pertencentes a centros próximos autorizados para o efecto. Igualmente, considérase xestión directa da consellería o suposto en que a comida elaborada nun centro polo persoal de cociña propio sexa consumida nas dependencias doutro, ao que sexa transportada mediante a contratación dunha empresa especializada.*

O servizo de comedor escolar desenvólvese segundo o Protocolo de funcionamento do comedor escola (Anexo I), documento elaborado polo Equipo directivo, atendendo así á Instrución 1/2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia,

Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2025-2026.

## 4.2. TRANSPORTE ESCOLAR

O servizo de transporte escolar conta con 8 itinerarios a través do servizo de transporte integrado UTE TRANSPORTE ORTEGAL dentro do contrato de concesión XG884. Os autobuses están rotulados co nome da empresa MORÁN e coa empresa RODRÍGUEZ. Dúas das liñas será realizado por servizo de taxi.

Todos os autobuses contan con acompañantes (salvo os taxis) que levan ao alumnado ata a cancela negra do patio cuberto polas mañás e polas tardes recollen ao alumnado que forman filas por liña no mesmo patio.

Entre o persoal coidador do alumnado transportado e o centro debe haber unha estreita relación para detectar posibles problemas de utilización do servizo ou en comportamento do alumnado durante as viaxes. Deberán comunicar ao centro e á empresa as incidencias detectadas.

Algúns dos alumnos/as transportados/as están autorizados/as polas súas familias a non facer uso do transporte escolar por asistir a actividades extraescolares que organiza o Concello, a ANPA e outras entidades. Deberá facerse cargo do citado alumno/a a familia ou unha persoa autorizada. No caso do alumnado de 5º e 6º de Primaria, poderán marchar sós sempre e cando teñan a autorización asinada.

## 4.3. MADRUGADORES

O servicio de Madrugadores desenvólvese por parte do Concello de Ortigueira para favorecer a conciliación familiar con horario de 07:30 a 9:30 horas, no que o alumnado de ambas etapas é dirixido ao finalizar o mesmo ás aulas ou espazo indicado onde se atopa o profesorado de garda. Actualmente, este servizo conta coa cesión de dúas aulas do centro para o desenvolvemento das súas funcións.

### 4.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA do centro conta cunha oferta de actividades extraescolares, tanto deportivas como educativas, en horario de 16:00-19:00. Actualmente, realízanse actividades no centro os luns, os mércores, xoves e venres.

## 5. PERSOAL DO CENTRO

Nas seguintes táboas recóllese o persoal docente e non docente con destino no colexio. Reparto por ciclos, dinamizacións, equipos e outros grupos de traballo, xunto co horario establecido para o desenvolvemento de reunións ao longo do curso.

### 5.1. EQUIPO DIRECTIVO

| EQUIPO DIRECTIVO | | |
|---|---|---|
| **Directora** | **Xefa de estudos** | **Secretaria** |
| Iria Naveiras Orjales | Noemi Caaveiro Carballo | Elena Álvarez Iglesias |

### 5.2. PERSOAL DOCENTE

| MESTRES/AS TITORES/AS E ESPECIALISTAS | | |
|---|---|---|
| **Educación infantil** | | |
| **Curso** | **Titor/a** | **Coordinador/dinamizador** |
| 4ºA | Laura Gutiérrez Soto | |
| 5ºA | Mª Dolores López Rego | Coordinadora de EACE |
| 5ºB | Eva Blanco Fernández | |
| 6ºA | Mª Jesús Roca Cortés | Coordinadora de EDLG |
| Mestra de apoio | Elena Álvarez Iglesias | Coordinadora de ciclo |
| **Educación Primaria** | | |
| 1ºA | Almudena Martínez Gálvez | Coordinadora de ciclo |
| 2ºA | Rocío Alonso Castro | |
| 3ºA | María Aurora Vila Alteror | Coordinadora de ciclo |
| 3ºB | Susana Insua Vilasuso | |
| 4º A | Gloria López Parapar | Coordinadora TICs/Plan Dixital |
| 4º B | Tamara Salgueiro Veiga | Coordinadora PLAMBE |
| 5ºA | Araceli Villar Bellón | |
| 5ºB | Mª del Carmen Piñón García | Coordinadora de ciclo |
| 6º A | Margarita Rodríguez García | Coordinadora EDIXGAL |

| **Especialistas** | | |
|---|---|---|
| Música e Danza Educación Plástica e Visual | Gloria Quintana Fernández | |
| Inglés | Mª Belén Vizoso García | |
| Inglés e Educación Plástica e Visual | Lucas López Mariño | Coordinador de Seccións Bilingües |
| Educación Física | Jesús Flórez Linares (Substituído por Fernando Fornos Aguiar) | |
| Relixión | Fernando Cancelo Pardo | Coordinador do Plan de Benestar |

O profesorado elaborará e realizará o seguimento das súas programacións didácticas (PROENS) dos grupos de alumnado reflexando o grao de cumprimento respecto ó planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. Esta información será valorada e analizada polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión tal e como se recolle na *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* e na *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica favorécese o intercambio de propostas que involucran ao persoal docente, tendo en conta a conexión entre as distintas dinamizacións.

| DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN | |
|---|---|
| **Mestre/a** | **Cargo/especialidade** |
| Iria Naveiras Orjales | Xefa do Departamento de Orientación/ Directora |
| Noemi Caaveiro Carballo | Mestra de Pedagoxía Terapéutica/Xefa de estudos |
| Sonia Castañeda Castro | Mestra de Audición e Linguaxe<br>Coordinadora PFPP/Coordinadora Polos Creativos |
| Elena Álvarez Iglesias | Coordinadora do ciclo de Educación Infantil |
| Almudena Martínez Gálvez | Coordinadora 1º ciclo de Educación Primaria |
| María Aurora Vila Altesor | Coordinadora 2º ciclo de Educación Primaria |
| María del Carmen Piñón García | Coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria |

| COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA | |
|---|---|
| **Mestre/a** | **Cargo/coordinación/dinamización** |
| Iria Naveiras Orjales | Directora<br>Xefa do Departamento de Orientación |
| Noemi Caaveiro Carballo | Xefa de estudos<br>Mestra de Pedagoxía Terapéutica<br>Secretaria da CCP |
| Sonia Castañeda Castro | Mestra de Audición e Linguaxe<br>Coordinadora PFPP/Coordinadora Polos Creativos |
| Mª Jesús Roca Cortés | Coordinadora Equipo de Dinamización da Lingua Galega |
| Mª Dolores López Rego | Coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares |
| Elena Álvarez Iglesias | Coordinadora do ciclo de Educación Infantil |
| Almudena Martínez Gálvez | Coordinadora 1º ciclo de Educación Primaria |
| María Aurora Vila Altesor | Coordinadora 2º ciclo de Educación Primaria |
| María del Carmen Piñón García | Coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria |

| EQUIPO DE BIBLIOTECA |
|---|
| **Coordinador/a** |
| Tamara Salgueiro Veiga |
| **Membros** |
| Elena Álvarez Iglesias<br>Rocío Alonso Castro<br>Fernando Cancelo Pardo<br>Jesús Flórez Linares (Substituto Fernando Fornos Aguiar)<br>Margarita García Rodríguez<br>Gloria Quintana Fernández |

| EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA |
|---|
| **Coordinador/a** |
| María Jesús Roca Cortés |
| **Membros** |
| Noemi Caaveiro Carballo<br>Lucas López Mariño<br>Mª del Carmen Piñón García<br>Mª Aurora Vila Altesor |

| EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES |
|---|
| **Coordinador/a** |
| María Dolores López Rego |
| **Membros** |
| Mª Belén Vizoso García<br>Eva Blanco Fernández<br>Almudena Martínez Gálvez<br>José Manuel Muíño Montero<br>Susana Insua Vilasuso |

| EQUIPO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) |
|---|
| **Coordinador/a** |
| Gloria López Parapar |
| **Membros** |
| Mª Sonia Castañeda Castro<br>Laura Gutiérrez Soto<br>Iria Naveiras Orjales<br>Araceli Villar Bellón |

| DINAMIZACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA |
|---|
| **Coordinador/a** |
| Fernando Cancelo Pardo |
| **Membros** |
| Noemi Caaveiro Carballo<br>Iria Naveiras Orjales<br>Fernando Fornos Aguiar |

| DINAMIZACIÓN DE POLOS CREATIVOS |
|---|
| **Coordinador/a** |
| Mª Sonia Castañeda Castro |

CALENDARIO DE REUNIÓNS

Tendo en conta a importancia da convivencia no centro educativo para favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe xunto co desenvolvemento integral do alumnado, establécese, con carácter xeral, o luns como día de reunións de órganos docentes e equipos de dinamización, procurando cando menos realizar unha reunión mensual de cada un dos órganos: ciclos, equipos, Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e/ou Departamento de Orientación.

As reunións de claustro poderanse ver modificadas en función das informacións a trasladar e procesos a desenvolver ó longo do curso.

### 5.3. PERSOAL NON DOCENTE

| PERSOAL NON DOCENTE | |
|---|---|
| Fernando Bouza Rubido | Conserxe |
| Mª Monserrat Martínez Díaz | Persoal de comedor |
| Xose Rodeiro Ferreira | Persoal de comedor |
| Cristina Novas González | Persoal de comedor |
| Tanya Helen Ley | Auxiliar de Conversa |

### 5.4. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar reunirase ordinariamente unha vez ó trimestre os luns ás 18:30 h. A Comisión Económica reunirase cando sexa necesario, na data e hora acordada polos seus membros.

Enviarase a Orde do día coa copia da acta da sesión anterior, para axiliza-la súa aprobación.

En caso de necesidade, as reunións de consello extraordinarias ou urxentes, poderán convocarse noutro día e hora.

Está constituído por:

| ÓRGANOS UNIPERSOAIS |
|---|
| Iria Naveiras Orjales (Directora-Presidenta)<br>Noemi Caaveiro Carballo (Xefa de Estudos)<br>Elena Álvarez Iglesias (Secretaria) |
| **REPRESENTANTES DO PROFESORADO** |
| Jesús Flórez Linares<br>Lucas López Mariño<br>José Manuel Muíño Montero<br>María Jesús Roca Cortés<br>Tamara Salgueiro Veiga |

| REPRESENTANTES DOS PAIS E NAIS DO ALUMNADO |
|---|
| Elivio Manuel Mayo Priegue (presidente da ANPA) |
| Victoria Pía Pérez |
| Marta Díaz López |
| Fernando Costa González |
| Carla Vilela Doce |
| **REPRESENTANTE DO CONCELLO** |
| Ana Matilde Cartelle Fraga |
| **REPRESENTANTE DO PESOAL NON DOCENTE** |
| Fernando Bouza Rubido |

## 5.5. ALUMNADO

| Educación Infantil | Grupo | 4º | 5º | 6º | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | A | 19 | 11 | 13 | 53 |
| | B | - | 10 | - | |

| Educación Primaria | Grupo | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | A | 17 | 21 | 15 | 14 | 10 | 15 | 131 |
| | B | - | - | 13 | 13 | 13 | - | |
| Alumnado total do centro | | | | | | | | 184 |

## 6. CALENDARIO ESCOLAR E HORARIOS




<u>Días non lectivos</u>: 13 de outubro e 4 de maio

HORARIOS DO CENTRO

O centro conta con horario lectivo de 9:35 a 14:35. O alumnado usuario de comedor ten a saída ás 16:00.

| ENTRADAS | |
|---|---|
| **Alumnado transportado** | **Alumnado non transportado** |
| Entrada pola cancela negra ás 09:27h.<br><br>*Alumnado de Infantil*: fará fila co profesorado de garda.<br><br>*Alumnado de 1º-2º de Primaria*: Colocaranse en filas por curso ao longo do patio (sinalizado). | *Alumnado de Infantil:* entrarán polo patio de infantil acompañados por algún adulto responsable. Ás 9:35 o profesorado de garda abrirá a porta para o acceso do alumnado ás aulas.<br><br>*Alumnado de Primaria*: Entrada polo portalón verde ás 09:30 h. |

| | |
|---|---|
| *Alumnado de 3º a 6º de Primaria*: farán fila, e unha vez baixe todo o alumnado transportado, entrarán ás aulas pola porta de entrada do patio cuberto, atravesando o corredor de 1º e 2º. | Alumnado de 1º-2º de Primaria: Incorporaranse á fila do seu curso.<br><br>Alumnado de 3º a 6º de Primaria: dirixiranse á entrada principal do centro, incorporándose directamente ás aulas.<br><br>Os acompañantes do alumnado de Primaria non poden acceder ao patio. |

| SAÍDAS | |
|---|---|
| **Saída a mediodía (14:35)** | |
| Alumnado de Infantil: ás 14:35 serán entregados aos adultos autorizados polo patio de infantil.<br><br>Alumnado de 1º-2º de Primaria. O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva, será o encargado de entregar o alumnado na cancela negra ás 14:35h.<br><br>Alumnado de 3º a 6º de Primaria. O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva, será o encargado de entregar o alumnado no portalón verde ás 14:35h. | |
| **Saída á tarde (16:00)** | |
| **Alumnado transportado** | **Alumnado non transportado** |
| Filas no patio cuberto por liña de autobús. Gradualmente incorporaranse ás filas na seguinte orde:<br>● 1º-2º Primaria<br>● 3º-4º Primaria<br>● 5º-6º Primaria<br>● Infantil<br><br>Saída pola cancela negra. Apertura ás 15:55 para os coidadores dos autobuses.<br><br>Saída do alumnado ás 16:00 horas | O alumnado estará custodiado polos/as colaboradores/as de comedor na entrada principal ata ás 16:00h.<br><br>A esta hora as familias e/ou persoas autorizadas para a recollida, poderán acceder ao recinto escolar para facerse cargo do alumnado ou, en caso do alumnado de 5º e 6º de primaria que teña autorización, poderá marchar só.<br><br>O alumnado apuntado á actividade da biblioteca escolar da tarde (outubro a maio), será recollido polos/as mestres/as de garda (na entrada principal). |

Todos os días da semana, agás os luns, hai quendas de dous mestres/as de garda ata as 18:00 horas.

No caso de imposibilidade para facer a garda de tarde, o mestre intentará facer unha permuta con outro compañeiro. Cada día, as persoas de garda asinarán un cadro para confirmar a súa asistencia.

Os profesores de garda polas tardes chegan ao centro ás 15:50 h. para atender á saída do alumnado transportado (*Ver anexo II)*.

Estes mestres recollen en conserxaría o listado de alumnos que marcharon durante a mañá para informar aos acompañantes de transporte en caso de que haxa dúbidas.

No caso de que algún alumno/a de comedor non transportado non sexa recollido por un adulto autorizado, a directora ou responsable en quen delegue chamará á familia e agardará na biblioteca do centro ata que sexa recollido.

O listado de alumnos/as inscritos en "Biblioteca Escolar" estará en conserxaría. No caso de que xurda a necesidade de poñerse en contacto coa familia dos usuarios da biblioteca, haberá unha lista de contactos na cortiza da biblioteca e outra na conserxería, ao lado do teléfono.

Cando se recolla a un alumno no centro deberá facelo algunha das persoas autorizadas, agás que teñan a autorización para saír sós segundo lexislación vixente (alumnado de 5º e 6º).

HORARIO DO PROFESORADO

O horario do profesorado responde ao establecido na *Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, que regula a xornada laboral dos docentes modificado pola *Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais*

*do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* e a *Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria*. Establécense así 23 horas de carácter lectivo con presenza no centro, e 5 horas máis que se dedicarán ás actividades do centro educativo tamén con presenza neste; mentres que as 9 horas e media restantes, para completar a xornada de 37 horas e media, dedicaranse a realizar ás funcións e actividades propias dese persoal sen que resulte obrigada a presenza no centro.

As horas de permanencia no centro faranse os luns en horario de 16:00 a 19:30, que será cando teñan lugar as reunións de coordinación dos diferentes equipos, ciclos, claustro e consello escolar, atención ás familias e traballo persoal.

SESIÓNS LECTIVAS

As sesións lectivas desenvolveranse no seguinte horario atendendo as xornadas citadas:

| HORARIO LECTIVO | |
|---|---|
| 1º sesión | 9:35-10:25 |
| 2º sesión | 10:25-11:15 |
| 3ª sesión | 11:15-12:05 |
| Recreo | 12:05-12:35 |
| Hora de ler | 12:35-12:55 |
| 4ª sesión | 12:55-13:45 |
| 5ª sesión | 13:45-14:35 |

HORARIO ATENCIÓN DE SECRETARÍA E EQUIPO DIRECTIVO

O horario de atención ao público de **Secretaria é de 11:15 a 12:05** horas de luns a venres. A atención por parte do Equipo directivo precisará solicitude de cita previa a través do correo electrónico ou ben telefonicamente, e atenderase con carácter xeral seguindo o horario establecido:

| | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| DIRECCIÓN<br>XEFATURA ESTUDOS | 9:35-10:25 | 9:35-10:25 | 9:35-10:25 | 9:35-10:25 | 9:35-10:25 |

PERIODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

O período de adaptación de Educación Infantil realizouse ao longo da primeira semana de curso do seguinte xeito:

| LUNS 8 | MARTES 9 | MERCORES 10 | XOVES 11 | VENRES 12 |
|---|---|---|---|---|
| 1 hora | 1 hora | 1h 30 min | 1h 30 min | 3 horas |
| A (10:00-11:00)<br>B (11:30-12:30)<br>C (13:00-14:00) | B+C (10:00-11:00)<br>A+C (11:30-12:30)<br>A+B(13:00-14:00) | A+B+C (10:00-11:30)<br>A+B+C (12:00-13:30) | A+B+C (10:00-11:30)<br>A+B+C (12:00-13:30) | A+B+C<br>(10:00-13:00) |

## 6.1. CRITERIOS DE ELABORACIÓN DE HORARIOS

O horario das aulas elaboráronse, na medida do posible, seguindo os seguintes criterios:

- As dúas primeiras sesións en infantil estarán coa titora correspondente.
- A primeira sesión en primaria será coa titora do grupo, agás excepcións xustificadas.
- As especialidades, en infantil, serán entre a 3ª e a 5ª sesión.
- Buscarase un reparto equitativo dos especialistas ao longo de toda a semana.
- Todo o profesorado, agás o Departamento de Orientación, terá dúas gardas para cubrir posibles substitucións. Hai un único mestre que só fai unha garda por falta de horario e incompatibilidade horaria coa coordinación.

- Todo o profesorado que traballe a xornada completa, exceptuando aos membros do Departamento de Orientación, realizará atención ao alumnado transportado.
- Todo o profesorado, agás os membros do DO, realizará gardas de patio/biblioteca equitativamente.
- A área de artística será impartida por unha soa mestra, agás en 1º e 2º por haber seccións bilingües na materia de Plástica.

A partires destes criterios, a Xefatura de Estudos realizou o horario dos especialistas. Despois, cada titor completou o horario da súa titoría.

Os horarios das especialistas de AL e PT elaboráronse nunha reunión entre as especialistas e o/a xefe/a do DO, tendo en conta os horarios das aulas ordinarias e as características e necesidades de cada grupo-clase e/ou alumno/a e os reforzos educativos establecidos para cada aula.

Todo o profesorado do centro ten 23 horas lectivas, incluídas as gardas. A xefa do Departamento de Orientación ten como centro adscrito o CEIP Francisco López Estrada, ao que asistirá baixo demanda, debido a que exerce as funcións como xefa do Departamento de Orientación de xeito paralelo coas súas funcións como directora.

### 6.2. QUENDAS DE VIXILANCIA NOS RECREOS

As quendas de vixilancia do patio repartiranse entre 18 mestres e, as quendas de apertura da biblioteca entre 2 mestras pertencentes ao Equipo de Biblioteca.

Nos recreos fixaranse de antemán "as zonas de atención preferente". O número de mestres de cada quenda axustarase, como mínimo, á ratio fixada na lexislación vixente.

-Patio de Educación infantil: 3 mestres

- Patio de 1º e 2º de Educación Primaria: 3 mestres

- Patio de 3º a 6º de Primaria: 3 mestres

En caso de chuvia:

- O alumnado de infantil irá para o patio cuberto de infantil.
- O alumnado de 1º e 2º sairán ao seu patio cuberto .

- O alumnado de 3º a 6º quedarán na entrada principal, podendo facer uso da biblioteca e do galpón (os mestres de garda repartiranse as zonas de vixilancia para que todas queden debidamente cubertas).

En caso de quedar nas aulas, serán precisos 1 mestre no corredor de 2º ciclo, 1 mestre no corredor de 3º ciclo e 1 mestre, quedará na zona da entrada principal (preto da zona de xogos de mesa), previo acordo entre o profesorado de garda de cada ciclo.

A Biblioteca estará aberta todos os días na hora do recreo para **uso voluntario** do alumnado de Primaria.

Non poderán quedar alumnos/as sos nas aulas e, unha vez saian ao recreo, non poderán volver a subir agás que teñan autorización dun mestre.

As zonas de atención preferente son:

a) No patio de 1º e 2º de Primaria, a zona de baños, a rampa de acceso ao interior do colexio e a zona da porta verde da entrada.

b) No patio de 3 º a 6 º de Primaria a zona de detrás da casa do conserxe, a zona traseira do patio cuberto e os baños.

c) No patio de EI a zona da porta de entrada ao edificio e baños.

Os alumnos que desexen ir á Biblioteca non poderán entrar con comida ou bebida, merendarán fóra. A partir das 12:20 non se poderá acceder á biblioteca.

Cando toque o timbre ás 12:35 horas, o alumnado fará filas nos patios para subir ás aulas cando o indiquen os mestres. Nunca se subirá directamente dende á Biblioteca, exceptuando os colaboradores de biblioteca que se incorporarán de últimos ás aulas.

## 7. OBXECTIVOS

Establécense os seguintes obxectivos a nivel de centro para o presente curso escolar:

| OBXECTIVO. Favorecer a participación e colaboración da comunidade educativa | |
|---|---|
| **Acción 1** | **Deseño de actuacións que conleven a participación das familias e de calquera membro da comunidade educativa** |
| Indicador | Desenvolvemento de accións nas que colaboren ou participen membros da comunidade educativa |
| Responsables | Equipo directivo, Claustro, Equipos de dinamización |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| **Acción 2** | **Mantemento da coordinación e comunicación co Concello e os centros e/ou entidades da contorna (IES, Escola Infantil Municipal, ASPROMOR, CIM, etc)** |
| Indicador | Calendario de colaboración e realización de accións conxuntas |
| Responsables | Equipo directivo, Claustro |
| Recursos | Os que se requiran |
| **OBXECTIVO. Desenvolver o coñecemento, comprensión e respecto das diferenzas (sociais, sexuais, lingüísticas, raciais, relixiosas, físicas, intelectuais…) para favorecer a convivencia, a igualdade e a xestión dialogada de conflitos.** | |
| **Acción 1** | **Deseño de actuacións que conleven a convivencia inclusiva.** |
| Indicador | Desenvolvemento de accións nas que interveñan os membros da comunidade educativa |
| Responsables | Comunidade Educativa |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| **OBXECTIVO. Favorecer a mellora da competencia tecnolóxica e dixital** | |
| **Acción 1** | **Dinamización do uso dos recurso tecnolóxicos existentes no centro** |
| Indicador | Realización de formación específica en ferramentas tecnolóxicas e dixitais |
| Responsables | Equipo Directivo, Claustro |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| **Acción 2** | **Deseño e desenvolvemento de accións encamiñadas á implementación das aprendizaxes adquiridas** |
| Indicador | Propostas de actividades dende diferentes órganos para a realización da proposta co alumnado |
| Responsables | Equipo directivo, equipos de dinamización, equipos de coordinación |
| Recursos | Os que requira a proposta |

| | |
|---|---|
| **Acción 3** | **Desenvolvemento de actividades con titorización entre iguais** |
| Indicador | Desenvólvense actuacións de titorización entre iguais para a aprendizaxe de contidos tecnolóxico-dixitais |
| Responsables | Equipo directivo, titores/as, especialistas, alumnado |
| Recursos | Os que precise a proposta |
| **OBXECTIVO. Potenciar a biblioteca como laboratorio de aprendizaxes e centro neurálxico das aprendizaxes.** | |
| **Acción 1** | **Contribución ao desenvolvemento do PDI** |
| Indicador | Creación de diferentes recursos ou aportacións para o desenvolvemento do PDI |
| Responsables | Equipo directivo, Claustro, Equipo de Biblioteca |
| Recursos | Adquisición de recursos bibliográficos ou en diversos soportes |
| **Acción 2** | **Posta en marcha de actuacións que impliquen os usos dos diferentes recursos da biblioteca** |
| Indicador | Actividades desenvoltas dende os diferentes programas<br>Aulas participantes |
| Responsables | Equipo de Biblioteca, Equipo directivo, Claustro |
| Recursos | Os que se requiran pertinentes |
| **OBXECTIVO. Fomento dos hábitos saudables** | |
| **Acción 1** | **Promoción da actividade física** |
| Indicadores | Dinamización dos patios<br>Potenciación de actividades de movemento<br>Participación en programas que potencien a actividade física<br>Revisión do Plan Actividades Físicas e Hábitos Saudables |
| Responsables | Equipo Directivo e Claustro |
| Recursos | Os que requira cada proposta |
| **Acción 2** | **Promoción de hábitos de alimentación saudables** |
| Indicador | Mellorar e animar a inxesta de alimentos máis saudables nas merendas e no comedor escolar (Protocolo servizo comedor escolar) |
| Responsables | Equipos Directivo, Claustro e colaboradores comedor |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| **OBXECTIVO. Revisión e actualización dos diferentes plans do centro (Plan Xeral de Atención á diversidade, Plan de Acción Titorial (Plan Acollida), Plan de Igualdade)** | |
| **Acción 1** | **Revisión dos plans de centro** |
| Indicadores | Seguimento trimestral da Programación Xeral Anual |
| Responsables | Equipo Directivo |
| Recursos | Os que requira cada proposta |
| **Acción 2** | **Actualización daqueles plans que o requiran** |
| Indicador | Reelaboración dos plans |

| | |
|---|---|
| | Aprobación por parte de claustro e consello escolar dos plans |
| Responsables | Equipos Directivo e Claustro |
| Recursos | Os que requira a proposta |

## 8. LISTADO DE MATERIAL

A listaxe de material atópase na web do centro para a súa consulta por parte das familias do alumnado, tendo en conta os diferentes niveis e aulas. Non obstante, tamén aparecen recollidos na seguinte táboa.

| 6º EDUCACIÓN INFANTIL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| LINGUA ESTRANXEIRA | Song Pals Simple B.Class Book Pack | OXFORD | 2025 | 978-01-941-7302-5 |
| **1º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| LINGUA CASTELÁ | LENGUA 1. Primeros pasos. PAUTA. Construyendo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-680-7160-2 |
| LINGUA GALEGA | LECTOESCRITURA. Construíndo mundos (1-1)<br>LINGUA 1. Construíndo mundos (1-2) | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-399-2<br>978-84-9185-532-3 |
| MATEMÁTICAS | MATE+ Matemáticas para pensar. Serie práctica | SANTILLANA | 2022 | 978-84-680-7894-6 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | CC. DA NATUREZA. Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-411-1 |
| CIENCIAS SOCIAIS | CC. SOCIAIS. Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-414-2 |
| INGLÉS | GO FAR! 1 STUDENT'S PACK | RICHMOND | 2022 | 978-84-6683-653-1 |
| **2º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| LINGUA CASTELÁ | LENGUA 2. Mochila Ligera. Construyendo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-144-0762-2 |
| LINGUA GALEGA | LINGUA 2. Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-675-7 |
| MATEMÁTICAS | MATE+ Matemáticas para pensar. Serie práctica. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-144-0885-8 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | CC. DA NATUREZA Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-694-8 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CIENCIAS SOCIAIS | CC. SOCIAIS Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-696-2 |
| INGLÉS | GO FAR! 2 STUDENT'S PACK | RICHMOND | 2023 | 978-84-668-3654-8 |

| 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| LINGUA CASTELÁ | LENGUA CASTELLANA 3 (Mochila Ligera) Construyendo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-680-7201-2 |
| LINGUA GALEGA | LINGUA GALEGA 3 Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-409-8 |
| MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS 3 (Mochila Ligera) Construyendo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-680-7136-7 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | CIENCIAS DA NATUREZA 3. Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-410-4 |
| CIENCIAS SOCIAIS | CIENCIAS SOCIAIS 3. Construíndo mundos | SANTILLANA | 2022 | 978-84-9185-416-6 |
| INGLÉS | GO FAR! 3 ACTIVITY PACK | RICHMOND | 2022 | 978-84-6683-663-0 |
| **4º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| LINGUA CASTELÁ | LENGUA 4. Mochila Ligera. Construyendo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-144-0738-7 |
| LINGUA GALEGA | LINGUA 4. Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-705-1 |
| MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS Mochila ligera Construyendo mundos | SANTILLANA | 2023 | 978-84-144-0769-1 |
| CIENCIAS DA NATUREZA | CC. DA NATUREZA Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-692-4 |
| CIENCIAS SOCIAIS | CC. SOCIAIS Construíndo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-9185-698-6 |
| INGLÉS | GO FAR! 4 ACTIVITY PACK | RICHMOND | 2022 | 978-84-668-3664- 7 |
| **5º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| MATEMÁTICAS | PROYECTO Mochila Ligera Construyendo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-680-7140-4 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INGLÉS | OPEN UP 5. ACTIVITY BOOK. | OXFORD | 2022 | 978-01-940-7297-7 |
| **6º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| **MATERIA** | **NOME** | **EDITORIAL** | **ANO** | **ISBN** |
| MATEMÁTICAS | PROYECTO Mochila Ligera Construyendo mundos. | SANTILLANA | 2023 | 978-84-144-0772-1 |
| INGLÉS | OPEN UP 6. ACTIVITY BOOK. | OXFORD | 2022 | 978-01-940-7328-8 |

## 9. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

Seguindo o establecido na *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* e a *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*, aprobado no Claustro estableceuse o seguinte calendario de avaliacións:

<table>
<tr><th>Inicial</th><th>1º trimestre</th><th>2º trimestre</th><th>3º trimestre/Final</th></tr>
<tr><td>EI 22/09/25</td><td>24/11/25</td><td>16/03/26</td><td>22/06/26</td></tr>
<tr><td>1º ciclo 22/09/25</td><td>24/11/25</td><td>16/03/26</td><td rowspan="3">22/06/26<br>23/06/26</td></tr>
<tr><td>2º ciclo 29/09/25</td><td>01/12/25</td><td>23/03/26</td></tr>
<tr><td>3º ciclo 29/09/25</td><td>01/12/25</td><td>23/03/26</td></tr>
</table>

## 10. PLANS E PROXECTOS

### 10.1. CONCRECIÓN DO PLAN DIXITAL

A concreción do Plan Dixital para o presente curso centrarase na consecución dos seguintes obxectivos:

- Aproveitar ao máximo os recursos das aulas de polos creativos, robótica e informática
- Fomentar o uso das TICs por parte de profesorado e alumnado.
- Mellorar o nivel de competencia dixital do profesorado mediante formación.
- Elaborar e difundir actividades dixitais para todos os niveis (informática, polos creativos, robótica,...)
- Concienciar ao alumnado dos riscos das redes sociais.

→ *Concreción Anual do Plan Dixital* (Anexo III)

### 10.2. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE TIC

Os principais obxectivos a desenvolver ao longo deste curso son os seguintes:

PARA O PROFESORADO

• Empregar as TICS como ferramenta de traballo diario do centro: programacións, memorias, procura de recursos e creación de materiais para a aula...

• Integrar as TICS como un recurso máis dentro do proceso de ensino/aprendizaxe.

• Fomentar, propor e apoiar a formación do profesorado e alumando en todo o referido as novas tecnoloxías.

• Poñer en marcha as aulas virtuais no inicio de curso, incluíndoas como un recurso máis de traballo e asesoramento para o seu uso ao profesorado que o solicite.

• Poñer en marcha BoxAbalar coa intención de subir documentos para compartir co resto de mestres e as familias.

• Manter unha colaboración estreita co coordinador EDIXGAL.

• Elaborar e aplicar o Plan Dixital do centro.

• Ofrecer un asesoramento inicial ao alumnado novo que accede ao noso centro e ás súas familias (4º de Educación Infantil) no relativo a AbalarMóbil, aula virtual e páxina web do centro.

• Participar, na medida das nosas posibilidades, en actividades de formación en novas tecnoloxías e integrar ao noso alumnado no desenvolvemento tecnolóxico con actividades propostas polos equipos (TICs, Plan Dixital, Polos creativos, Robótica,...)

• Formar ao alumnado no uso axeitado das novas tecnoloxías facendo especial fincapé nos riscos delas. • Facer uso dos recursos presentes no centro para fomentar no alumnado a competencia dixital.

PARA O ALUMNADO

• Empregar programas e recursos de diferentes páxinas web ou plataformas educativas para facilitar as aprendizaxes das diferentes materias e para favorecer a adquisición de habilidades e destrezas, facendo uso da aula de informática ou da aula móbil.

• Espertar a interese pola aprendizaxe e dar pautas para acceder á información existente na rede.

• Facer un uso crítico da información, axudar a localizar páxinas web fiables no referente a contidos.

• Empregar o uso de medios informáticos para romper coas desigualdades sociais.

• Facilitar o acceso destas ferramentas por parte do alumnado con necesidade específica de apoio educativo como medio de apoio e reforzo das aprendizaxes.

• Facer un uso axeitado das novas tecnoloxías tendo en conta os riscos delas.

→ *Concreción Anual do Equipo de Tecnoloxías da Información e da Comunicación* (Anexo IV)

## 10.3. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

Entre os principais obxectivos do Plan para este presente curso, atópanse os seguintes:

- **Incrementar o hábito lector do alumnado.**
  - Aumento do número de préstamos respecto ao curso anterior.
  - Participación activa do alumnado nas actividades de animación á lectura.
  - Mellora dos resultados nas enquisas de hábitos lectores.
- **Potenciar o uso da biblioteca como espazo de aprendizaxe e creación.**
  - Número de sesións de aula desenvolvidas na biblioteca.
  - Rexistro de uso do espazo por parte do profesorado doutras áreas.
  - Elaboración de proxectos e traballos a partir de recursos da biblioteca.
- **Favorecer a lectura en galego e a difusión da literatura galega.**
  - Porcentaxe de fondos en galego respecto ao total.
  - Número de actividades arredor da literatura galega (Día das Letras Galegas, encontros con autores/as...).
  - Número de préstamos de obras en galego.
- **Implicar ás familias e á comunidade educativa no fomento da lectura.**
  - Participación das familias en actividades lectoras (contacontos, faladoiros, obradoiros, recomendacións, etc.).
  - Difusión de boletíns e recomendacións de lectura.
  - Colaboración con entidades locais (biblioteca pública, librarías, concello...).
- **Mellorar a competencia informacional e dixital do alumnado.**
  - Desenvolvemento de actividades de formación de usuarios.
  - Uso de préstamos dixitais e lectura en E-LBE.2.
  - Creación de contidos propios (reseñas do blog, podcasts ...).

▪ **Consolidar a biblioteca como espazo inclusivo e participativo.**

- Participación do alumnado colaborador na selección de fondos e na organización de actividades.
- Diversidade de materiais (lectura fácil, libros en diferentes idiomas, audiolibros...).
- Enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado.

▪ **Integrar a lectura en todas as áreas do currículo.**

- Inclusión de actividades lectoras nos proxectos das diferentes áreas.
- Rexistro de coordinación entre o equipo de biblioteca e o profesorado.

→ *Concreción Anual Plan Anual de Lectura* (Anexo V)

### 10.4. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os principais obxectivos deste equipos son os seguintes:

- Elaborar o Programa Anual das actividades complementarias e extraescolares, tendo en conta as propostas dos mestres e mestras e as orientacións do claustro e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Organizar cada unha das actividades especificando responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro e a C.C.P.
- Establecer colaboración coa administración local para levar a cabo algunhas actividades ( Biblioteca Municipal, Concello, ANPA...)
- Reunir aos membros do equipo mensualmente.
- Organizar, no horario lectivo, actividades de interese relacionadas co proxecto educativo, co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental.

- Celebrar algunhas das conmemoracións que aparecen na programación xeral anual, tendo en conta, de ser o caso, os criterios sobre a incorporación de elementos transversais e sobre o deseño das actividades complementarias.

→ *Concreción Anual do Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares* (Anexo VI)

### 10.5. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA

Os obxectivos xerais deste proxecto dinamización, entre outros, son os seguintes:

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.

- Seguir promovendo a escrita en galego en toda a documentación empregada a nivel interno.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos, ...
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galega.
- Dotar á biblioteca de exemplares en galego e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- Manter e promover relacións abertas co Concello e outras institucións.

- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía, ...

→ *Concreción Anual do Equipo de Dinamización da Lingua Galega* (Anexo VII)

### 10.6. CONCRECIÓN DO EQUIPO DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Entre os principais obxectivos a desenvolver neste curso, atópanse os seguintes:

- Favorecer un clima de convivencia positiva que promova o benestar emocional e a convivencia baseada no respecto mutuo e na solidariedade recíproca.
- Promover un entorno escolar inclusivo e respectuoso
- Desenvolver habilidades sociais e emocionais no alumnado, profesorado e familias.
- Fomentar a autoestima e a confianza en todos os membros da comunidade educativa.
- Mellorar a comunicación e a colaboración entre todos os implicados no proceso educativo.

Así mesmo, estes obxectivos serán concretados noutros máis específicos como poden ser:

- Fomentar a empatía e a comprensión entre os estudantes.
- Mellorar a capacidade de resolución de conflitos dos estudantes
- Mellorar as habilidades de comunicación dos estudantes
- Facilitar o desenvolvemento da intelixencia emocional no alumnado
- Mellorar a satisfacción laboral e a autoconfianza do profesorado
- Promover unha autoimaxe positiva entre o alumnado
- Facilitar unha comunicación eficaz entre o profesorado e as familias

| BENESTAR E CONVIVENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| ACTUACIÓNS PREVISTAS | RESPONSABLES | DESTINATARIOS/AS | TEMPORALIZACIÓN |
| Dinamización Plan de Convivencia | CBC<br>ED | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Desenvolvemento de resolución pacífica de conflitos e mediación | CBC<br>ED<br>Ed | Persoal docente<br>Alumnado | Ao longo do curso |
| Actualización do Plan de Acción Titorial (PAT) | CBC<br>ED<br>Ed | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Desenvolvemento de comunicacións de casos de violencia no centro e contorna | CBC<br>ED<br>Ed | | Ao longo do curso |
| Información Protocolos de prevención e protección de violencia | CBC<br>ED | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Coordinación coas forzas e corpos de seguridade do Estado | CBC<br>ED | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Promoción plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia | CBC<br>ED<br>DO | Persoal docente | Ao longo do curso |
| Promoción de alimentación saudable e nutritiva | CBC<br>ED<br>Ed | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Seguimento da protección de datos de persoas menores de idade | CBC<br>ED<br>DPD | Alumnado | Ao longo do curso |
| Desenvolvemento de medidas promotoras de benestar da infancia e adolescencia | CBC<br>DO<br>ED<br>Ed | Alumnado | Ao longo do curso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de Programas de detección de dificultades de convivencia e relación | CBC DO | Alumnado | Ao longo do curso |
| Fomento do respecto polo alumnado con NEAE | CBC<br>ED<br>DO<br>Ed | Comunidade educativa | Ao longo do curso |
| Coordinación cos Servizos Sociais | ED<br>DO<br>SS | Alumnado<br>Familias | Ao longo do curso |
| Asesoramento ás familias sobre convivencia democrática e benestar | CBC DO | Familias | Ao longo do curso |
| Elaboración da concreción do Plan de traballo de benestar e convivencia | CBC | Comunidade educativa | Ao longo do curso |

*(CBC) Coordinador/a Benestar e Convivencia, (ED) Equipo directivo, (DO) Departamento Orientación, (SS) Servizos Sociais, Equipo docente (Ed), Delegado de Protección de Datos (DPD)

→ *Concreción do Plan de Benestar e Convivencia* (Anexo VIII)

### 10.7. CONCRECIÓN DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos emanan do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como das necesidades de mellora detectadas o pasado curso, e concrétanse no seguinte:

- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Deseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- Deseñar respostas educativas para o alumnado con NEAE.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con NEAE e dificultades na aprendizaxe.
- Planificar un uso axeitado dos recursos existentes no centro.
- Impulsar a formación do profesorado na atención ao alumnado con NEAE.
- Implicar a toda a comunidade educativa na tarefa compartida que supón a atención á diversidade.

- Desenvolver un programa de habilidades e competencias sociais.
- Actualizar o Plan de Orientación e adaptar os protocolos da Consellería á realidade do centro.
- Mellorar os mecanismos de coordinación interna do departamento de orientación.
- Introducir a aplicación de probas colectivas para a detección temperá de necesidades en momentos clave da escolarización.
- Colaborar co coordinador de benestar no desenvolvemento de actuacións para a mellora da convivencia.
- Incentivar nas familias o intercambio de información fluída e o acceso ao departamento de orientación

→ *Concreción do Plan de Benestar e Convivencia* (Anexo IX)

## 10.8. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este curso presentarase o novo Plan Xeral de Atención á Diversidade atendendo á *Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*.
Unha vez aprobado no Claustro e Consello escolar engadiranse as concrecións para o presente curso.

## 10.9.PLANS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

PLAMBE (Ver programación Biblioteca Anexo )

### SECCIÓNS BILINGÜES

Continuidade co proxecto do curso pasado na área de Educación Plástica e Visual en 1º e 2º de primaria. O centro ten asignado unha auxiliar de conversa para o mellor desenvolvemento do proxecto. Este curso contamos con Tanya Helen como auxiliar de conversa.

### EDIXGAL

Continuación do proxecto nos niveis de 5º e 6º de primaria. Este curso pasamos a un modelo híbrido do programa que combina o emprego de libros de texto (área de Matemáticas) co emprego do ordenador.

### PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Desde o curso 2024-2025 contamos no noso centro con este Plan no que se potencian actitudes e comportamentos no alumnado relacionados co ámbito da nutrición e a actividade física tanto no centro coma fóra del.

POLOS CREATIVOS

Programa de innovación educativa que ten como obxectivo desenvolver a competencia dixital, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

PLAN DIRECTOR

Plan para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas que contempla, entre outras accións, formacións que versan sobre temáticas relacionadas coa protección de menores e adolescentes e o seu dereito á seguridade persoal, tratando problemáticas como a ciberseguridade (cunha énfase este curso na loita contra os danos dos retos virais), o acoso escolar, as drogas e o alcol, as novas adiccións, os delitos de odio e discriminación ou a prevención dos delitos sexuais.

Este plan vai dirixido principalmente ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

PRENSA ESCOLA

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria reciben todos os mércores exemplares do xornal para cada unha das aulas.

AXIA, O UNIVERSO DO BO TRATO (Fundación Meniños)

Este é un proxecto vivencial e simbólico que promove o benestar emocional e a saúde mental infantil, prevén a violencia e fomenta o bo trato. É unha experiencia que fortalece a saúde mental, promove o coidado mutuo e constrúe comunidades escolares libres de violencia.

Vai dirixido ao alumnado do 1º ciclo de Primaria (6-8 anos).

COLEXIO BENQUERER (Fundación Meniños)

Trátase dun proxecto educativo presentado pola Fundación Meniños, a través do cal se realizan actividades para traballar a educación afectivo sexual de maneira ampla e

integral, abordándoa dende o respecto e o bo trato, e tendo como fíos condutores a igualdade, a educación emocional e o desenvolvemento do pensamento do pensamento crítico.

Vai dirixido ao alumnado de 6º de educación primaria, mais algunhas das actividades do programa serán aplicadas tamén co alumnado de 5º de educación primaria.

PROGRAMA ALIMENTES

Programa que permite ao alumnado coñecer a cadea de alimentos con contidos de hábitos de vida saudable e consumo responsable de forma interdisciplinar cos contidos do currículo.

Actualmente, desenvolvese en 5º e 6º de Educación Primaria.

PROGRAMA ADOLESCENCIA (EVAX)

Proxecto centrado nos cambios físicos e emocionais da adoslescencia, especificamente deseñado para alumnos/as de 10-12 anos. Entre os obxectivos principais do proxecto atopanse os propios cambios derivados da puberdade, a fisioloxía dos corpos, o ciclo mestrual e como adaptarse a el sen deixar de facer nada e como manter a confianza superando os límites, centrándose nos logros persoais e con mentalidade de crecemento.

PROGRAMA MISIÓN ALBA

Proxecto de carácter científico-tecnolóxico que ten como obxectivos principais fomentar vocacións científicas entre os nenos e nenas, crear pontes entre a comunidade científica e a comunidade educativa, reforzar o compromiso do ALBa coa divulgación científica e estreitar o vínculo entre Sincrotón ALBA e a sociedade española.

### 10.10. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Durante o presente curso desenvolverase no noso centro un Plan de Formación que inclúe tres liñas de traballo.

Unha liña de biblioteca, unha liña de Polos Creativos e unha liña de convivencia.

## 11. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

As reunións dos titores/as de inicio de curso coas familias foron establecidas nas seguintes datas:

| REUNIÓNS INICIAIS COAS FAMILIAS | |
|---|---|
| **GRUPOS** | **DATA** |
| **INFANTIL** | |
| 4º | 3/09/25 |
| 5º | 15/09/25 |
| 6º | 15/09/25 |
| **PRIMARIA** | |
| 1º | 12/09/25 |
| 2º | 15/09/25 |
| 3º | 8/09/25 |
| 4º | 22/09/25 |
| 5º | 15/09/25 |
| 6º | 15/09/25 |

## 12. COMISIÓN DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO (4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)

A comisión da avaliación de diagnóstico para o presente curso está composta pola directora (Iria Naveiras Orjales), que actúa como presidenta de dita comisión, pola xefa de estudos (Noemi Caaveiro Carballo) e por unha titora do nivel de 4º de Educación Primaria (Tamara Salgueiro Veiga).

## 13. NECESIDADES E MELLORAS NO CENTRO ESCOLAR

O edificio conta cunha antigüidade de 50 anos. O mantemento do mesmo é responsabilidade do Concello.

No mes de xuño viñeron técnicos da AMTEGA para a revisión das tomas dos carros.

No mes de agosto levártonse a cabo no centro as obras correspondentes á 2ª fase de retirada da madeira deteriorada polo "caruncho" no terceiro ciclo de Educación Primaria (aínda que non en todas as aulas deste ciclo).

No mes de setembro realizáronse melloras no centro por parte do Concello: retirada de mobiliario ao punto limpo, limpeza de zonas verdes, colocación temporal dun material protector no campo de céspede artificial, retirada dunha mesa exterior (por rotura) e colocación dunha nova mesa, retirada de un banco deteriorado,

A principios de setembro, visita de Sanal para o mantemento de espazos e instalacións contra a lexionella.

Outras actuacións necesarias:

- Revisión anual da caldeira de calefacción.
- Tratamento das humidades exteriores e interiores, e pintado xeral do interior do centro.
- Pintado exterior do centro, para tapar pintadas e graffitis. Importante o patio de columnas.
- Colocación dun valo metálico similar ao do resto do patio.
- Revisión e mantemento do campo de fútbol de herba artificial xa que desde a súa instalación non existiu mantemento.
- Melloras de instalación eléctrica: cambio de iluminación para sistema máis eficiente, dotación de enchufes suficientes nas aulas para adaptarse ao uso das novas tecnoloxías.

- Renovación dos aseos dos mestres/as.
- Dotación para a mellora dos patios fomentando un patio coeducativo: xogos nos patios de primaria.
- Busca de solucións aos problemas de acceso ao centro en períodos non lectivos por parte de persoal alleo a este producindo lixo e actos vandálicos. É habitual que os luns ou á volta de vacacións os patios non cumpran as medidas de seguridade para ser utilizados.
- Renovación total da madeira de zonas comúns e de aulas afectadas polo "caruncho".
- Solución ante o ribón situado na beira do campo de herba artificial resultante da realización das obras exteriores levadas a cabo no curso 23-24 ( a instalación do protector é unha medida temporal).
- Colocación dun portelo co cadro de contadoras de auga do comedor así como instalación de reixas nos condutos de ventilación do almacén de cociña.
- Tratamento de humidades no baño/ducha do persoal de cociña así como nas escaleiras de acceso do almacén a cociña.
- Tratamento de humidades no teito da cociña.
- Colocación da plancha deteriorada no galpón.
- Busca de solucións para as pozas de auga arredor do galpón.
- Pintado de paredes e baños do ximnasio interior (humidades do teito derivadas da obra).
- Recambio de "zócalos" no ximnasio interior.

- Pintado exterior das paredes do ximnasio.

- Pendente de retirada de madeira afectada pola carcoma no 2º ciclo (retirada da madeira das aulas principais) en determinadas portas, cortizas, zócalos…

- Reaparición da escleroderma doméstica en determinadas aulas: aula música, dirección, ANPA, PT, biblioteca…

- Colocación dos cristais das xanelas do patio cuberto.

- Arranxo das baixantes do patio cuberto así como das filtracións de auga ao interior do mesmo.

- Arranxo e/ou reposición das proteccións das columnas do patio cuberto.

- Arranxo /reposición dos bancos de madeira e metálicos situados nos patios de primaria.

- Pintado de dous espazos de titorías.

- Reparación do portalón verde da entrada ou instalación dun novo portalón.

- Substitución do chan deteriorado nas aulas de Educación Infantil.

- Continuidade coas obras para a retirada da madeira afectada polo "caruncho".

## 14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

No curso 2012-2013 encargouse á empresa EseyPro a elaboración do Plan de Autoprotección do centro. Debido ás obras levadas a cabo no centro, está pendente de modificación dito Plan.

Atendendo a este Plan, ao longo do curso é recomendable desenvolver simulacros de evacuación, polo que seguindo o programa de exercicios e simulacros recollidos no mesmo, o primeiro simulacro será informado indicando o día e a hora da súa realización a toda a comunidade educativa. Con iso quérese evitar un pánico entre persoas que poden non estar acostumadas a participar neste tipo de actividades.

Procurarase realizar un segundo simulacro sen indicar nin o día nin a hora.

## 15. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PXA

Tal e como se recolle na *Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*, ao finalizar o curso avaliarase o grao de cumprimento da programación xeral anual e as conclusións obtidas serán recollidas nunha memoria que consistirá nun balance crítico, unha autoavaliación do cumprimento global da programación xeral anual do centro e mailas propostas concretas de mellora.

*Data aprobación da PXA (Claustro e Consello Esolar):*
*27/10/2025*

# ANEXOS

XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA JOSÉ MARÍA LAGE

# Protocolo

# FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

## Curso 2025/2026

CEIP José María Lage



# 0 ÍNDICE

1 XUSTIFICACIÓN
2 ORGANIZACIÓN DO SERVIZO
- 2.1 CALENDARIO E HORARIO
- 2.2 XESTIÓN DO SERVIZO
- 2.3 MENÚS
- 2.4 DIETAS ESPECIAIS
- 2.5 REPARTO DE EXCEDENTES

3 FUNCIÓNS DO PERSOAL
- 3.1 PERSOAL DE COCIÑA
- 3.2 PERSOAL COLABORADOR
- 3.3 PERSOA ENCARGADA
- 3.4 RESPONSABLE DO SERVIZO

4 NORMAS DE FUNCIONAMENTO
- 4.1 USO DO SERVIZO DE COMEDOR
- 4.2 ENTRADA E XANTAR
- 4.3 DESPOIS DO XANTAR
- 4.4 SAÍDA

5 DATOS PARA O CURSO 2025/2026
- 5.1 PERSOAL E PERSOAS COLABORADORAS
- 5.2 PERSOAS USUARIAS DE COMEDOR

6 AVALIACIÓN
ANEXO 1 COMUNICACIÓN DE AUSENCIA DAS PERSOAS COLABORADORAS
ANEXO 2 COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS

# 1 XUSTIFICACIÓN

O CEIP José María Lage conta con servizo de comedor escolar de xestión directa. Dito servizo constitúe un servizo complementario e vén regulado na seguinte lexislación:

- **Decreto 132/2013**, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- **Orde do 21 de febreiro de 2007** pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **Instrucción 3/2017** da Secretaría Xeral Técnica, pola que se establecen directrices e recomendacións respecto da comida sobrante nos comedores de xestión directa existentes nos centros de ensino público dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- **Instrución 1/2025**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2025-2026.

O presente documento foi elaborado tendo en conta esta normativa. Calquera dúbida que se presente con respecto a este protocolo deberá ser consultada na lexislación vixente en materia de comedores escolares de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.



# 2 ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

## 2.1 CALENDARIO E HORARIO

Segundo a **Orde do 8 de maio de 2025** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, os comedores escolares dos centros públicos funcionarán desde o día 8 de setembro de 2025 ata o 19 de xuño de 2026, ambos inclusive. Ademais dos períodos de vacacións escolares e as festas laborais, serán días non lectivos o 31 de outubro de 2025, o 3 de novembro de 2025 e dous días escollidos polo centro: 13 de outubro de 2025 e 4 de maio de 2026 (pendente de aprobación).

O servizo organízase nunha única quenda para todo o alumnado, tal e como detallamos a continuación:

| ETAPA | HORA | N.º COMENSAIS |
|---|---|---|
| Educación infantil | 14:20 h – 15:15 h | 40 |
| Educación primaria | 14:35 h – 15:15 h | 102 |

Tralo servizo de comedor, ofrécese un tempo de lecer que comprende entre as 15:15 h e as 16:00 h.

## 2.2 XESTIÓN DO SERVIZO

Contamos cun comedor escolar de xestión directa da Consellería, no que se elaboran os menús para servizo de xantar diario nas instalacións do centro por persoal laboral e/ou funcionario da Xunta de Galicia. Trátase dun comedor tipo C, con capacidade para 250 comensais a diario. Durante cada día de atención ao alumnado poderemos contar cun máximo de 9 persoas

colaboradoras. O persoal de cociña está conformado por un total de 3 traballadoras e traballadores. A persoa responsable do servizo de comedor é a persoa directora, que poderá delegar a súa presenza no centro durante o servizo. Contamos, ademais, cunha persoa encargada de comedor.

A atención ao alumnado usuario de comedor no tempo de funcionamento do servizo, así como antes e despois deste, é levada a cabo polas seguintes persoas, que ostentan distintas responsabilidades:

- **Persoal colaborador:** 12 nais e pais, 2 ex-colaboradoras e 5 docentes.
- **Persoal laboral de cociña:** o equipo de traballo está formado por un cociñeiro oficial de 2.ª e dúas axudantes de cociña.
- **Encargado de comedor:** o cargo recae nun docente do centro, que é apoiado nas súas funcións polo persoal colaborador docente.
- **Responsable de comedor:** esta función recae na persoa directora, que poderá delegar a súa presenza no centro durante o servizo.

A organización, administración e xestión do comedor escolar corresponde á comunidade educativa, representada polo Consello Escolar. O servizo de comedor, ademais de cumprir unha función de alimentación e nutrición, ten unha función educativa, sendo un espazo que crea e reforza hábitos alimenticios, normas de comportamento e valores. Durante o tempo de lecer haberá unha variedade de xogos e espazos a disposición dos usuarios de comedor para o seu goce despois do xantar.

## 2.3 MENÚS

A estrutura básica dos menús contará cun primeiro prato, un segundo prato e unha sobremesa formada a partir de froita ou lácteos. Os menús serán elaborados mensualmente pola persoa encargada de comedor e o cociñeiro, tomando en conta as recomendacións da Xunta. Serán publicados mensualmente na web do centro, na sección de 'Comedor Escolar', e serán expostos no taboleiro do centro. De xeito excepcional e debido a imprevistos ou causas de forza maior,

así como á oferta do mercado, os menús poderán sufrir variacións ou substituírse por un prato único.

## 2.4 DIETAS ESPECIAIS

O menú será igual para todos os comensais. Subministraranse menús especiais por motivos de saúde (alerxias, intolerancias alimentarias ou outras patoloxías no que o tratamento precisa modificacións dietéticas) sempre que se acrediten ante a dirección do centro e mediante informe detallado emitido por un facultativo con diagnóstico médico (certificado médico oficial) onde deberán constar claramente:

- As alerxias, intolerancias alimentarias ou outras enfermidades que padeza o alumnado (celiaquía, alerxia, intolerancia ,diabete tipo I, hipercolesterolemia, hipertrigliceridemia, disfagia, etc.).
- Os alimentos ou ingredientes que non pode inxerir, os limitados e os permitidos, ou o tipo de substitución, así como a actuación a seguir en caso de inxesta accidental.

## 2.5 REPARTO DE EXCEDENTES

Ante a dificultade o reparto de excedentes en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas, non se poderán repartir os excedentes, debendo ser tratados como residuos sólidos (Instrución 3/2017, do 23 de marzo).

# 3 FUNCIÓNS DO PERSOAL

As funcións e responsabilidades de cada axente veñen recollidas na lexislación vixente, ademais das que o propio protocolo determina. Algunhas son comúns a todos os grupos:

- Non interferiremos nas decisións tomadas pola persoa encargada do comedor, nin entre adultos en xeral. Ante calquera dúbida consultarán coa persoa encargada e faranlle chegar todas as suxestións que estimen oportunas para o bo funcionamento do comedor, sen facelo en presenza do alumnado.
- Está prohibido o uso do móbil durante o tempo de atención ao alumnado, agás o uso que se faga deste como ferramenta de traballo (por exemplo: para notificar unha urxencia).

Resáltanse, a continuación, as que se consideran máis importantes para cada grupo.

## 3.1 PERSOAL DE COCIÑA

- Elaborar as comidas de acordo cos menús aprobados polo Consello Escolar.
- Velar pola calidade e a conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Atención aos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos, coidando o seu uso e conservación.
- Informar á encargada daquelas cuestións que afecten ao funcionamento do servizo
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguridade, hixiene e riscos laborais.

## 3.2 PERSOAL COLABORADOR

As colaboracións dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado matriculado aceptaraas a dirección do centro cando resulten necesarias para a atención do alumnado por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia dispoñible en número suficiente. En todo caso, comportarán o compromiso de colaborar coa comunidade educativa no coidado e vixilancia dos menores comensais, a aceptación polo persoal colaborador do sistema de organización previsto no correspondente protocolo de funcionamento do comedor escolar e o seu compromiso de avisar previamente con tempo suficiente as súas ausencias, que deberán ser xustificadas (Anexo I), ou o cesamento da colaboración. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada a colaboración.

Son funcións do persoal colaborador:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co protocolo anual do servizo de comedor escolar.
  - → Tratar ao alumnado con paciencia, non dar un trato de favor a uns alumnos sobre outros e manterse firme ante as condutas contrarias á convivencia.
  - → Favorecer a axuda entre persoas colaboradoras e a alternancia de funcións cando sexa posible.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
  - → Recollerán a menaxe do alumnado, agás do de 3.º ciclo de primaria, que o fará por si mesmo baixo a supervisión das persoas colaboradoras.
- Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará (Anexo II), de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, o que inclúe as condutas do alumnado contrarias á convivencia. Durante o

tempo de comedor, o tempo posterior e as saídas serán de aplicación as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
  - → Non se permitirá ao alumnado acceder aos pisos superiores nin ás zonas das mochilas sen acompañamento dunha persoa adulta.
  - → Vixiarase o patio de forma activa, distribuíndose nas zonas asignadas.




  - → Acompañar e coidar a orde nos desprazamentos e nas saídas do alumnado.
  - → Distribuír ao alumnado de actividades e biblioteca nas zonas designadas a tal efecto.
  - → Acompañar ao alumnado transportado ao patio de 1.º ciclo.
  - → Custodiar de forma ordenada e facer entrega do alumnado non transportado.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentarase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.
  - → Supervisarán a recollida de menaxe e de cadeiras por parte do alumnado de 5.º e 6.º.

- No caso de falta grave ou reiterada comunicarase á persoa encargada de comedor ou, no caso de ausencia desta, a algún membro do equipo directivo. Deberán cubrir o parte correspondente coa descrición de dita conduta.

## 3.3 PERSOA ENCARGADA

- Coordinar o plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno de servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e de tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarias para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre o control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control de gasto.

## 3.4 RESPONSABLE DO SERVIZO

- Elaborar o protocolo de funcionamento do comedor, que formará parte da PXA.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal que participe nas tarefas de atención do alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do comedor.
- Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios.

- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

# 4 NORMAS DE FUNCIONAMENTO

## 4.1 USO DO SERVIZO DE COMEDOR

No momento solicitude do comedor ou, no seu caso, na actualización de datos, as persoas interesadas indicarán se van facer uso do servizo de comedor de forma regular ou en días concretos, e desde cando e ata que momento farán uso do servizo. Todas as familias do alumnado deberán comprobar, cubrindo o Modelo de Autodeclaración, cal é a súa situación e entregalo no centro, asinado por ambos declarantes, xunto co certificado de empadroamento.

En caso de que as solicitudes superen as prazas dispoñibles, corresponderá ao Consello Escolar do centro a selección e admisión, segundo se recolle na lexislación vixente.

Os impresos para facer o pago serán enviados ás familias mensualmente para proceder a efectuar o abono. No caso de que prefiran recibir os documentos de forma telemática, deberán comunicalo con antelación á responsable do comedor. Se atopan calquera erro, deberán comunicalo o antes posible para a súa rectificación, se corresponde. Os pagos deberán satisfacerse antes do día 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.

O centro verificará que os usuarios xustifiquen os pagamentos e que estes sexan correctos. Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, en tanto que non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos no prazo máximo de 2 meses. A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Todos os usuarios que non vaian facer uso do servizo teñen a obriga de avisar a través do correo electrónico do centro antes das 9:50 h do propio día. Non facelo supoñerá a obrigación de pagar o día en cuestión.

A baixa voluntaria do servizo deberá comunicarse por escrito na Secretaría do centro con, alo menos, unha semana de antelación. O centro, ante o incumprimento por parte do alumnado das

normas de funcionamento do comedor, poderá determinar a súa baixa temporal ou definitiva do servizo.

## 4.2 ENTRADA E XANTAR

Todo o alumnado deberá ir ao baño e lavará as mans antes do servizo para facilitar a garda do alumnado e o control sobre as saídas e entradas do comedor. En todos os casos o autoservizo estará atendido polo persoal de cociña, quen axustará as racións ás idades do alumnado, segundo as medidas establecidas.

### 4.2.1 EDUCACIÓN INFANTIL

- O profesorado acompañará o alumnado ao comedor, onde agardarán as persoas colaboradoras, que os recibirán na porta do mesmo. Aseguraranse de que o alumnado non introduza ningún obxecto no comedor. Cando traian algún, este deberá ser depositado nas mesas á entrada do comedor ata a súa saída do servizo. As bandexas estarán preparadas nas súas mesas coa comida servida con antelación.
- Sentarán nas mesas por curso. Os sitios serán asignados polo persoal colaborador e poderán cambiar unicamente a criterio deste. Unha vez sentados, non se levantarán ata que, unha vez rematen, o persoal lles retire a bandexa. Calquera cousa que precisen (auga, panos de papel, repetir prato, sobremesa...) será proporcionada polo persoal colaborador. Haberá que prestar especial atención ao fomento da autonomía e á adquisición de bos hábitos de conduta e de hixiene.
- O alumnado que precise facer uso do baño deberá ir sempre acompañado por unha persoa colaboradora.
- A froita servirase, preferiblemente, con pel e cortada en anacos seguros para a inxesta. En casos de froita con pel dura ou áspera, esta ofrecerase pelada.
- Non se forzará a inxesta de alimentos, mais promoverase que o alumnado probe de todo, de xeito que vaia acomodando o seu padal aos distintos sabores e texturas.

### 4.2.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

- O alumnado de primaria baixará acompañado polo profesorado, deixará as mochilas nas zonas designadas expresamente para isto e colocarase na fila que lle corresponda. Alí será recibido ás 14:35 h pola responsable do comedor ou polo encargado, que lle dará paso. Os obxectos persoais deberán ser depositados nas mesas á entrada ata a súa saída da estancia. En fila, irá pasando polo autoservizo, onde haberá unha persoa colaboradora que supervisará que se abastezan dos utensilios necesarios, así como do pan, prestando especial atención á observación de bos hábitos de orde e hixiene.
- Sentarán nas mesas asignadas. O sitio dentro das mesas será asignado polo persoal colaborador e poderá cambiar unicamente a criterio deste. Unha vez sentados, non se levantarán ata que, ao ir acabando, se lles retiren as bandexas. O alumnado de 5.º e 6.º retirará as súas propias bandexas tras indicación das persoas colaboradoras. Se necesitan auga ou algunha outra cousa levantarán a man e serán as persoas colaboradoras as que llas proporcionen.
- A froita servirase, preferiblemente, con pel e enteira.
- Non se forzará a inxesta de alimentos, mais promoverase que o alumnado probe de todo, de xeito que vaia acomodando o seu padal aos distintos sabores e texturas.
- Non se poderá repetir prato ata que todo o alumnado pasara polo autoservizo e estea servido e sentado nas mesas asignadas.

## 4.3 DESPOIS DO XANTAR

### 4.3.1 EDUCACIÓN INFANTIL

- O alumnado de infantil irá acompañado de tres persoas colaboradoras ao seu patio, onde terán xogo libre ata as 15:40 h. En caso de choiva permanecerán no seu patio cuberto. As normas de uso dos patios serán as mesmas establecidas para os recreos das mañás.
- Ás 15:40 h recollerán, con axuda das persoas colaboradoras, os xogos utilizados no patio. Con supervisión (e axuda, cando se precise) das persoas colaboradoras, o alumnado

lavará as mans e pasará polo baño. Collerán as súas pertenzas persoais (mochila, chaqueta, etc.) e dirixiranse ao hall principal, onde se dispoñerán por filas e cursos.

### 4.3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

- O alumnado de 1.º ciclo de primaria irá acompañado de dúas colaboradoras ao seu patio, onde gozarán de xogo libre ata as 15:50 h. En caso de choiva permanecerán na zona cuberta. As normas de uso dos patios serán as mesmas establecidas para os recreos das mañás.
- O alumnado de 2.º e 3.º ciclo de primaria irá acompañado de dúas colaboradoras ao seu patio, onde gozarán de xogo libre ata as 15:50 h. En caso de choiva permanecerán no hall de entrada e no galpón. As normas de uso dos patios serán as mesmas establecidas para os recreos das mañás, o que se estende tamén á práctica do fútbol (2.º ciclo poderá xogar os luns e 3.º ciclo, os venres).
- Ás 15:45 h o alumnado de 3.º ciclo (5.º e 6.º) colaborará na recollida das cadeiras do comedor en semanas alternas.
- Ás 15:50 h o alumnado de primaria recollerá o material de xogo e formará filas por curso para recoller as súas pertenzas persoais (mochila, chaqueta, etc.). O persoal colaborador supervisará a recollida de material e acompañará aos distintos cursos a polas súas cousas e de volta ao hall principal, onde se dispoñerán por filas e cursos.

## 4.4 SAÍDA

### 4.4.1 ALUMNADO QUE ASISTE A ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA

O persoal colaborador dispoñerá ao alumnado que vaia a actividades na zona designada para tal efecto no hall de entrada. Este alumnado será posto baixo garda dos monitores encargados das actividades ás 16:00 h.

### 4.4.2 ALUMNADO QUE FAI USO DA BIBLIOTECA

O persoal colaborador dispoñerá ao alumnado que vaia á biblioteca na zona designada para tal efecto no hall de entrada. Este alumnado será posto baixo garda do profesorado que permanece no centro ás 16:00 h.

### 4.4.3 ALUMNADO TRANSPORTADO

O alumnado transportado de 1.º ciclo permanecerá no espazo fronte ás aulas de almorzos custodiado por unha colaboradora. Dúas persoas colaboradoras acompañarán ao alumnado transportado polo interior do centro ata ata ese mesmo punto. O alumnado sairá ao patio de 1.º ciclo ás 15:55 h, onde quedará baixo a garda de dúas docentes, e ata ás 16:00 h, momento no que se producirá a saída do centro.

### 4.4.4 ALUMNADO NON TRANSPORTADO

O persoal colaborador custodiará a todo o alumnado non transportado no hall de entrada. O portalón de entrada abrirase ás 16 h para que as familias poidan recoller ao alumnado na entrada principal do centro. O persoal colaborador encargarase da entrega do alumnado ao seu cargo, sempre coa supervisión do encargado de comedor e/ou a responsable do servizo. Cando a familia non se presente en hora, o alumnado quedará baixo custodia do encargado de comedor e/ou responsable do servizo.

### 4.4.5 SAÍDA EXCEPCIONAL

En caso de necesidade, de forma excepcional, as familias poderán recoller ao alumnado ás 15:15 h, previo aviso ao centro coa suficiente antelación por escrito ou a través do correo electrónico do centro.



# 5 DATOS PARA O CURSO 2025/2026

## 5.1 PERSOAL E PERSOAS COLABORADORAS

| CARGO | NOME |
|---|---|
| Oficial 2.º de cociña | Xose Rodeiro Ferreira |
| Axudante de cociña | M.ª Montserrat Martínez Díaz |
| Axudante de cociña | Cristina Novás González |
| Responsable | Iria Naveiras Orjales |
| Encargado | Fernando Cancelo Pardo |
| Docente colaboradora | Noemi Caaveiro Carballo |
| Docente colaboradora | Tamara Salgueiro Veiga |
| Docente colaboradora | Rocío Alonso Castro |
| Docente colaboradora | María Roca Cortés |
| Docente colaborador | Lucas López Mariño |
| Docente colaborador | Pablo Feijoo Gálvez |
| Nai colaboradora | Gloria Carolina Inga Vizuete |
| Nai colaboradora | Hilda Noemy Menjívar Romero |
| Nai colaboradora | Irene Sierra Pena |
| Nai colaboradora | Yolanda Horjales Corral |
| Nai colaboradora | Gloria López Cabral |
| Nai colaboradora | Marta Rodríguez García-Armero |
| Nai colaboradora | Virginia Pérez Castiñeiras |
| Nai colaboradora | Silvia Campanario Costa |

## 5.2 PERSOAS USUARIAS DE COMEDOR

| Tipo de usuario | N.º de comensais |
|---|---|
| Alumnado de infantil | 40 |
| Alumnado de 1.º ciclo de primaria | 28 |
| Alumnado de 2.º e 3.º ciclo de primaria | 74 |
| Pais e nais colaboradoras | 7 |
| Docentes | 12 |
| Non docentes | 3 |
**3.1. OBXECTIVOS DA BIBLIOTECA E INDICADORES ………..…………………… páx. 4**

**4. ACTUACIÓNS …………………………………………………………………..... páx. 5**

**4.1. HORA DE LER ……………………………………………………………….... páx. 7**

**4.2. ACTUACIÓNS CONCRETAS SEGUNDO CALENDARIO …………………….. páx. 8**

**5. CRITERIOS DE CENTRO PARA O FOMENTO DA LECTURA …………………. páx. 10**

**6. RECURSOS HUMANOS E HORARIO PREVISTO ……………………..……… páx. 12**

**7. ENLACES WEB RELACIONADOS COA BIBLIOTECA ……………………..….. páx. 12**

**8. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN ………………………………………………………………………………..….. páx. 13**

**9. PROPOSTAS DE MELLORA …………………………………………….……..….. páx. 14**

## 1. INTRODUCIÓN

Seguindo a *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,* realizamos este Plan Anual de Lectura para incluir na Programación Xeral Anual.

A biblioteca escolar do CEIP José María Lage está incluída no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares dende o curso 2012-2013 (PLAMBE-8).

O espazo é amplo e está dividido en dous espazos: a zona onde están os fondos por idade e lectura, e a zona creativa, mais precisa de melloras para lograr ser un lugar máis acolledor.

A nosa biblioteca é un espazo educativo clave para fomentar o gusto pola lectura, o acceso á información e o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Por tanto, enfrontámonos ao reto de converterse nun verdadeiro motor lector e lingüístico. É necesario mellorar o plan de dinamización da mesma para favorecer o contacto frecuente co libro, o descubrimento de novos autores e, especialmente a normalización do galego como lingua de lectura habitual. O compromiso de toda a comunidade educativa será esencial para acadar este obxectivo.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP José María Lage é un centro de 13 unidade (4 de E.I. e 9 de E.P.) e está situado no concello de Ortigueira. O centro desenvolve diferentes plans e proxectos educativos e participa en diversas iniciativas, mais a biblioteca aínda non acada o papel dinamizador desexado.

Nas últimas enquisas de avaliación observouse que o nivel de uso da biblioteca e o hábito lector do alumnado son reducidos, especialmente no que respecta á lectura en lingua galega.

A lectura en galego é minoritaria, xa que o alumnado adoita preferir ler en castelán, tanto por costume familiar como pola maior dispoñibilidade de materiais atractivos nesa lingua.

O fondo bibliográfico en galego precisa actualización e renovación para adaptarse aos intereses actuais do alumnado (álbums ilustrados, cómics, coleccións de aventuras, etc.).
O hábito lector do alumnado é medio-baixo: moitos nenos e nenas non amosan interese pola lectura fóra das tarefas obrigatorias.
A frecuencia de uso da biblioteca limítase sobre todo a préstamos semanais das titorías ou actividades puntuais, aproveitando as efemérides. Nos recreos, o alumnado que máis visita a biblioteca é o do primeiro ciclo maioritariamente, preferindo o uso da zona creativa.

## 3. OBXECTIVOS

Para o presente curso escolar, a través da biblioteca, pretendemos acadar o obxectivo xeral de fomentar o gusto pola lectura e o desenvolvemento da competencia lectora, informacional e literaria do alumnado, integrando a biblioteca escolar como eixo dinamizador da vida cultural e educativa do centro.
Así mesmo tratarase de impulsar o uso da biblioteca non únicamente como lugar para os empréstitos, senon para a realización de traballos, de consulta, de integración doutras actividades en colaboración con outros Equipos e tamén en conxunto con Polos Creativos. En definitiva, que a biblioteca sexa un espazo integrador de tarefas.

### 3.1. OBXECTIVOS DA BIBLIOTECA E INDICADORES

#### 3.1.2. Incrementar o hábito lector do alumnado.

- Aumento do número de préstamos respecto ao curso anterior.
- Participación activa do alumnado nas actividades de animación á lectura.
- Mellora dos resultados nas enquisas de hábitos lectores.

#### 3.1.3. Potenciar o uso da biblioteca como espazo de aprendizaxe e creación.

- Número de sesións de aula desenvolvidas na biblioteca.
- Rexistro de uso do espazo por parte do profesorado doutras áreas.
- Elaboración de proxectos e traballos a partir de recursos da biblioteca.

#### 3.1.4. Favorecer a lectura en galego e a difusión da literatura galega.

- Porcentaxe de fondos en galego respecto ao total.

- Número de actividades arredor da literatura galega (Día das Letras Galegas, encontros con autores/as…).
- Número de préstamos de obras en galego.

**3.1.5. Implicar ás familias e á comunidade educativa no fomento da lectura.**

- Participación das familias en actividades lectoras (contacontos, faladoiros, obradoiros, recomendacións, etc.).
- Difusión de boletíns e recomendacións de lectura.
- Colaboración con entidades locais (biblioteca pública, librarías, concello…).

**3.1.6. Mellorar a competencia informacional e dixital do alumnado.**

- Desenvolvemento de actividades de formación de usuarios.
- Uso de préstamos dixitais e lectura en E-LBE.2.
- Creación de contidos propios (reseñas do blog, podcasts …).

**3.1.7. Consolidar a biblioteca como espazo inclusivo e participativo.**

- Participación do alumnado colaborador na selección de fondos e na organización de actividades.
- Diversidade de materiais (lectura fácil, libros en diferentes idiomas, audiolibros…).
- Enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado.

**3.1.8. Integrar a lectura en todas as áreas do currículo.**

- Inclusión de actividades lectoras nos proxectos das diferentes áreas.
- Rexistro de coordinación entre o equipo de biblioteca e o profesorado.

## 4. ACTUACIÓNS

Tendo en conta a migración do programa de xestión Meiga ao Koha realizada no mes de maio do curso pasado, tivemos pouca marxe de actuación no catálogo da nosa biblioteca. No mes de xullo realizouse a maior parte de etiquetado correcto de fondos (según códigos de cor), na que tivemos que empregar moito tempo para o seu cambio. O mesmo ocorreu coa correcta colocación alfabética según tejuelo, posto que todos os fondos estaban mal colocados (por título en lugar do apelido do autor). Todo isto son tarefas que requiren de tempo para unha boa organización da biblioteca. A maiores, atopámonos con libros

catalogados que non foron expurgados e xa non se atopaban na nosa biblioteca, polo que a miúdo é difícil localizar todos os fondos. Por todo o anterior, retrasamos a apertura da nosa biblioteca ao mes de outubro.

Para este curso escolar, as actuacións da biblioteca previstas son:

- ➔ Expurgo de fondos deteriorados e/ou obsoletos, mantemento e catalogación en Koha.
- ➔ Mellorar a CDU dos fondos colocados nos andeis e novas pegatinas por temáticas.
- ➔ Reunión de alumnado colaborador da biblioteca de 5º e 6º e sinatura de contrato.
- ➔ Envío das “Mochilas viaxeiras” como actividade de promoción lectora nos fogares.
- ➔ Presentación da nova mascota da biblioteca á comunidade educativa (Dralibris, o dragón lector).
- ➔ Realizar sesións de formación de usuarios de biblioteca, das zonas da mesma, do programa de xestión (a profesorado) a alumnado e profesorado. Tamén se difundirá a información ás familias.
- ➔ Seguir utilizando a nova mascota como guía de actividades realizadas por parte do Equipo de Biblioteca.
- ➔ Organizar a planificación trimestralmente do PDI anual de centro sobre os artesáns “O saber das mans dos nosos artesáns” e difundila ao profesorado e alumnado.
- ➔ Realizar recomendacións trimestrais e ofrecer recursos dende a biblioteca para a planificación do tempo de lectura (20 minutos despois do recreo).
- ➔ Empregar os dous carriños “biblio móbil” con recursos variados para os patios de 1º ciclo e 2º e 3º ciclo para os días de bo tempo.
- ➔ Manter a sección de novidades cos novos fondos comprados dende a biblioteca.
- ➔ Realizar folletos (trípticos, dípticos…) periódicos de recomendacións lectoras para cada etapa educativa.
- ➔ Darlle difusión e mellor accesibilidade ao buzón de suxestións.
- ➔ Dotar de novos libros/ fondos, accesibles, variados, inclusivos e actualizados.
- ➔ Programar actividades en conxunto coas familias: contacontos, obradoiros, faladoiros… co PDI como eixo transversal.
- ➔ Mantemento da cortiza con murais decorativos e exposición de libros segundo as celebracións da biblioteca.

- ➔ Actualización do calendario mensual de colaboradores/as e difusión ás titorías implicadas (5º e 6º de E.P.).
- ➔ Realización de actividades en colaboración co alumnado colaborador de 5º e 6º de E.P. (contacontos, obradoiros, experimentos) que se podan realizar no recreo e/ou noutras sesións.
- ➔ Realización dalgunha actividade entorno ao cartaz anual da Asesoría de Bibliotecas. Este curso o lema será o deseño.
- ➔ Colaboración con outras entidades/institucións da vila, así coma co IES de Ortigueira e coa Biblioteca Municipal.
- ➔ Proporcionarlle as credenciais ao noso profesorado e alumnado: Koha (só para profesorado), catálogo da biblioteca e E-LBE.2, así como enlaces ou breves explicación sobre o uso de todas as plataformas.
- ➔ Seguir usando material e xogos en colaboración con Polos Creativos e ofrecelos a través dos espazos da biblioteca.
- ➔ Mantemento do blog da biblioteca, difusión de actividades a través do uso de abalar box, de abalar (a través do E.Directivo) e da páxina web do centro.
- ➔ Integrar ferramentas innovadoras como a radio, para a gravación de podcast.

### 4.1. HORA DE LER

No horario escolar, este curso veñen reflexados 20 minutos correspondentes á "hora de ler", que se realizarán de 12:35 a 12:55 horas.

O Equipo de Biblioteca realizou unhas recomendacións co fin de facilitar dita tarefa, e para que resulte máis motivadora para o alumnado.

Realizaremos **recomendacións trimestrais**, polo que comezamos pola organización do **primeiro trimestre**:

- ➢ <u>Os luns</u>: 2 ou 3 nenos/as dunha clase irán a lerlle ao resto das clases (lecturas previamente escollidas e baixo a supervisión do profesorado).
- ➢ <u>Os martes</u>: lectura/ traballo en aulas de cancións, poemas, refráns, retahílas, adiviñas, xogos de palabras…
- ➢ <u>Os mércores</u>: lectura/ traballo con xornais (dixitais ou en papel), das partes do xornal, dunha nova do día en concreto…
- ➢ <u>Os xoves</u>: lectura individual libre.

- Os venres: lectura dixital E-LBE.2 (o alumnado con EDIXGAL poderá realizalo coas súas credenciais, e os demais, coas do profesorado, en lectura conxunta).

Neste punto, os docentes debemos sevir de modelo lector ao noso alumnado, polo que, o profesorado, na medida do posible, colaborará lendo durante o tempo de lectura.
Tras a posta en marcha destas recomendacións, de cara ao segundo trimestre, o Equipo de Biblioteca revisaráas e programará as recomendacións do seguinte trimestre. E o mesmo de cara ao terceiro trimestre.

Resulta fundamental que o profesorado coñeza a ubicación dos fondos da biblioteca, para poder beneficiarse do material do que se dispón.

## 4.2. ACTUACIÓNS E ACTIVIDADADES CONCRETAS PARA DINAMIZAR TENDO EN CONTA O CALENDARIO ESCOLAR E AS CONMEMORACIÓNS

**SETEMBRO 2025**

- Reunións do Equipo de Biblioteca.
- Reorganización da biblioteca (cambio de etiquetas de cor, acondicionamento de espazos).
- Reunións cos novos/as colaboradores/as da biblioteca (alumnado de 5º e 6º EP) e breve formación dos colaboradores para coñecer as súas funcións e sinatura de contrato.
- Elaboración das credenciais de profesorado e inicio das do alumnado.
- Elaboración do calendario para escoller a sesión de empréstito por titorías.

**OUTUBRO 2025**

- Apertura da biblioteca nos recreos (contando coa colaboración do alumnado colaborador).
- Inicio da formación de usuarios (alumnado cos titores/as e profesorado).
- Inicio dos empréstitos na sesión escollida por cada titoría (según calendario).
- Uso básico do programa Koha por parte do profesorado (empréstitos e devolucións).
- Celebración do Día das Bibliotecas Escolares (24 de outubro) presentando a mascota á comunidade educativa.
- Celebración do Samaín e Magosto con aportación de actividades para a estación de aprendizaxe.
- Posta en marcha das mochilas viaxeiras.

**NOVEMBRO 2025**

- Actualizar fondos sobre o noso PDI deste curso.
- Libro viaxeiro relacionado con información dos artesáns/ oficios.
- Mural para refráns relacionados cos artesáns.
- Decoración de taboleiro exterior e interior da biblioteca
- Impulsar a zona de xogos da biblioteca.
- Celebración do 25N: exposición de libros e decoración de espazo.

**DECEMBRO 2025**

- Exposición e decoración de Nadal
- Elaboración dunha guía de lecturas tendo en conta cada etapa edicativa.
- Pequenos retos co elfo de Nadal da biblioteca.

**XANEIRO 2026**

- Exposición de libros da Paz e traballo co alumnado sobre esta temática a nivel de centro.
- Decoración de taboleiro coa temática do Día da Paz.

**FEBREIRO 2026**

- Celebración do Día de Rosalía (en colaboración co EDLG e a Biblioteca Municipal).
- Mantemento de cortiza e decoración de Entroido.

**MARZO 2026**

- Exposición de exemplares, cartelería, difusión e actividades para as celebracións:
  - Día do Cómic (17 de marzo)
  - Día da Narración Oral (20 de marzo)
  - Día da Poesía (21 de marzo)
  - Día do Teatro (27 de marzo)
  - Semana da Prensa.
- Elaboración dunha guía de lecturas tendo en conta cada etapa educativa.

**ABRIL 2026**

- Exposición de libros e realización de actividades para a conmemoración do Día do Libro.
- Colaboración con actividades de dinamización lectora co IES de Ortigueira.
- Lecturas/dramatizacións/representación de distintos tipos textos de alumnado en distintas institucións da vila.

**MAIO 2026**

- Exposición dos traballos do PDI: producto final.
- Colaboración co EDLG para a recompilación de narrativa oral tradicional e a celebración do Día das Letras Galegas.

**XUÑO 2026**

- Elaboración dunha guía de lecturas tendo en conta cada etapa educativa.
- Recollida da biblioteca e peche da mesma ata o vindeiro curso.

## 5. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DECISIÓNS DIDÁCTICAS DE CENTRO PARA O FOMENTO DA LECTURA

**Educación Infantil (4º, 5º e 6º de E.I.):**

- **Lectura:** Para esta etapa os tempos de lecturas serán curtos (5-10 minutos) en rutinas diarias, mellor varias veces ao día que unha longa. Ademais, nesta estapa educativa tamén están establecidos os 20 minutos da "hora de ler" no seu horario lectivo.
- **Oratoria:** A oralidade será espontánea, narrarán experiencias e realizarán dramatizacións breves.
- **Enfoque globalizado:** Integrarase lectura e oralidade en xogos, rutinas, proxectos, cancións e contacontos.
- **Decisións didácticas:** Lectura de contos ilustrados, poesías rimadas e textos acumulativos, uso de marionetas, dramatización, xogos simbólicos, conversas colectivas (asemblea) para practicar a esocoita e fala e fomentar que cada neno/a reconte experiencias ou partes do conto.

**Educación Primaria**

**1º ciclo (1º e 2º de E.P.):**

- **Lectura:** Práctica diaria da lectura (20 minutos de lectura establecidos no horario escolar) de textos breves, progresión da lectura en voz alta/silenciosa, lectura e comprensión da linguaxe matemática, de textos curtos informativos e de carácter científico, relacionados con animais ou experimentos, lectura de instrucións sinxelas, letras de cancións e poemas.

- **Oratoria:** Recitado de poesías, contar contos, exposicións moi breves (2-3 minutos), explicar como se resolve unha operación, contar descubrimentos, explicar unha observación, describir un debuxo propio e dramatizar.
- **Decisións didácticas:** Empregar lecturas compartidas, dramatizacións, uso de apoio visual, formular problemas oralmente, pedir que verbalicen procesos matemáticos, realizar pequenas exposicións individuais ou en parellas con apoio visual e dar espazo á narración creativa.

<u>**2º ciclo (3º e 4º de E.P.):**</u>

- **Lectura:** Práctica diaria da lectura (20 minutos de lectura establecidos no horario escolar) de textos narrativos, poéticos e informativos, lectura e comprensión de problemas máis extensos e enunciados matemáticos, lectura de artigos curtos, textos divulgativos, mapas, gráficos, biografías de artistas e textos breves de explicación musical/ plástica.
- **Oratoria:** Exposicións estruturadas (3-5 minutos), recitado de poemas, dramatizacións, explicar resolución de problemas, expoñer estratexias distintas para a resolución de exercicios matemáticos, presentar proxectos, contar descubrimentos, explicar creacións propias, e dramatizar escenas máis complexas.
- **Decisións didácticas:** Iniciar debates sinxelos, fomentar a defensa dun procedemento, realizar traballo cooperativo con posta en común oral e vincular a oralidade con proxectos artísticos.

<u>**3º ciclo (5º e 6º de E.P.):**</u>

- **Lectura:** Práctica diaria da lectura (20 minutos de lectura establecidos no horario escolar), lectura de obras literarias máis longas, textos informativos e argumentativos, comprensión de problemas complexos, con textos, gráficos e táboas, lectura de textos científicos/ divulgativos, mapas, esquemas, lectura de textos descritivos, guións teatrais e cancións completas.
- **Oratoria:** Exposicións de 5-10 minutos, debates sinxelos, defensa de opinións, exposición clara de procedementos matemáticos e argumentación de solucións, presentación de proxectos de investigación, exposición de experimentos, recitado expresivo,representacións teatrais, e explicación de proxectos artísticos.

- **Decisións didácticas:** Introducir a oratoria formal con rúbricas (tono, postura, claridade), practicar a explicación oral en grupo da resolución dun reto, fomentar o uso de soportes dixitais na oratoria e promover actuacións públicas (obras, recitais…).

## 6. RECURSOS HUMANOS E HORARIO PREVISTOS

Este curso, no Equipo de apoio á biblioteca somos 7 membros, dos cales, 5 dispoñen dunha sesión horaria para tarefas de dinamización, 1 dispón de 2 sesións, e a coordinadora- responsable, de 3 sesións (unha menos ca o curso pasado).

A nosa biblioteca estará dispoñible en horario escolar, tendo reservadas unha sesión por titoría para a realización dos empréstitos/devolucións.

Así mesmo, estará aberta para todo o profesorado e alumnado que así a requira (baixo dispoñibilidade en calendario mensual) para outro tipo de tarefas (búsqueda de información en fondos por temáticas, tempo de xogo, etc.

Ademais, abrirá de martes a venres de 16 a 18 horas para o alumnado que así o solicitara no mes de setembro (en tramos dunha hora: de 16 a 17h e de 17 a 18h), con dous mestres/as de garda.

Neste tempo non se poderán realizar empréstitos/devolucións, pero sí tarefas de consulta, realización de actividades, uso do material dispoñible na biblioteca (xogos, libro-cds, pinturas….), todo isto baixo unhas normas de uso da biblioteca.

## 7. ENLACES RELATIVOS Á BIBLIOTECA

A Biblioteca do noso centro dispón de espazo propio dentro da páxina web do centro.

Atópase no apartado “Biblioteca”, en “Blog da biblioteca”:

- https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjosemarialage/blogdebiblioteca

Así mesmo, coa migración a Koha, podemos acceder ao catálogo público de fondos dispoñible da nosa biblioteca (OPAC):

- https://ceipjosemarialage.edubib.xunta.gal/

Coas credenciais de usuario e acceso (que se irán proporcionando) , tanto profesorado como alumnado , poderá beneficiarse da lectura en dixital a través da plataforma E-LBE.2:

- https://bega-elbe2.edu.xunta.es/

Ademais, dende este curso, a biblioteca conta cunha dirección de correo propia: biblioteca.ceip.josemaria.lage@edu.xunta.gal

Coma en cursos anteriores, tamén se traballará sobre o cartaz da Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia:
https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1234
Como medio de difusión de novas relativas á biblioteca, usaremos o Abalar, a través do Equipo Directivo, con enlaces de Boxabalar.

## 8. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN

O Equipo de Biblioteca realizará unha revisión trimestral deste plan, co fin de realizar unha recapitulación das actividades desenvoltas en cada trimestre e do funcionamento das mesmas
Tamén se avaliará o funcionamento das propostas para a "hora de ler", co fin de mellorar de cara aos seguintes trimestres (coa observación directa, sondeos a profesorado e alumnado).
Ademais, unha vez ao mes o Equipo reunirase para planificar actividades de dinamización, xestión e organización da biblioteca. A maiores destas reunións, que resultan insuficientes, trataremonos de reunir periódicamente para organizar as tarefas semanais.
Hacia finais de curso enviaremos enquisas anónimas para a valoración do funcionamento da biblioteca para profesorado e alumnado.
A través das liñas prioritarias de actuación de finais do curso pasado, partimos dos obxectivos pendentes a acadar para este curso.
Co fin de saber as inquedanzas ou suxestións do noso alumnado con respecto á biblioteca, poñeremos unha nova caixa de suxestións fóra da biblioteca, que nos servirá de autoavaliación.

De cara a este curso, partimos tamén das enquisas realizadas a final de curso, tanto a alumnado como profesorado, para así adaptarnos mellor ás necesidades e puntos febles do funcionamento da nosa biblioteca.

## 9. PROPOSTAS DE MELLORA

Debido a que non realizamos un seguimento e revisión efectivo das mochilas viaxeiras repartidos polos establecementos do proxecto "Aquí tamén se le", o Equipo de Biblioteca decidiu que as retiraremos este curso, co fin de darlle unha volta a dita actividade.

Ao inicio deste curso, coa axuda do Equipo TIC, revisáronse todos os ebooks, e decidimos retiralos, xa que non funcionaban.

Como proposta, tratarase de darlle uso a algunhas tabletas de Polos Creativos, para poder realizar lecturas dixitais (na plataforma E-LBE.2) na biblioteca.

A nosa biblioteca ten un aspecto moi mellorable, pois hai moita humidade e fai que saian manchas na parede. Sería moito máis acolledora pintándoa de cores brancos, beis…

Ademais, hai dúas ventás rotas (unha na zona de fondos/lectura e outra no espazo creativo).

Seguimos á espera de que se poda instalar un proxector e unha pantalla na zona creativa da biblioteca, pois así poderíamos proxectar pequenas curtametraxes, presentacións, vídeos ou contos en dixital… O ordenador instalado nese espazo tampouco dispón de conexión a internet, polo que, dixitalmente, a nosa biblitioteca está obsoleta.

O ideal sería ter o chan da biblioteca igualado ao da zona creativa, de tarima, pois moitas actividades de promoción da lectura e xogo realízanse no chan, non temos cadeiras suficientes nin coxíns para todo/as e o chan é frío para o alumnado.

En canto á parte organizativa, consideramos insuficientes as reunións mensuais, xa que non nos permite coordinarnos dun xeito efectivo para a programación de actividades nin para a organización do traballo semanal. A miúdo empregamos outras sesións para poder levar a cabo dita dinamización (sesións de garda ou libre disposición).

A biblioteca é de todos, polo que mantela ordeada é fundamental para un bo uso da mesma.

# ANEXO VI

# PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

# 2025/2026

1- **DEFINICIÓN**

Son actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe considerar dentro destas, as visitas dentro do horario lectivo, e as conmemoracións fixadas no calendario escolar do curso vixente.

A participación é voluntaria.

As actividades extraescolares son aquelas que son organizadas polo centro e figuran na Programación Xeral Anual, aprobadas polo Consello escolar e que se realizan fóra do horario lectivo.

A participación será voluntaria.

1- **OBXECTIVOS**

- Elaborar o Programa Anual das actividades complementarias e extraescolares, tendo en conta as propostas dos mestres e mestras e as orientacións do claustro e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Organizar cada unha das actividades especificando responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro e a C.C.P.
- Establecer colaboración coa administración local para levar a cabo algunhas actividades ( Biblioteca Municipal, Concello, ANPA…)
- Reunir aos membros do equipo os primeiros luns de cada mes.
- Organizar, no horario lectivo, actividades de interese relacionadas co proxecto educativo, co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental.
- Celebrar algunas das conmemoracións que aparecen na programación xeral anual, tendo en conta, de ser o caso, os criterios sobre a incorporación de elementos transversais e sobre o deseño das actividades complementarias

## 2- COMPOSICIÓN DO EQUIPO

Este curso o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares está formado polas seguintes mestras:

Mª Belén Vizoso García ( mestra de inglés)

José Manuel Muíño Montero ( mestre de Educación Física)

Eva Blanco Fernández ( mestra de 5º de Educación Infantil)

Almudena Martínez Gálvez( mestra de 1º de Educación Primaria)

Susana Insua ( mestra de 3º de Educación Primaria)

Mª Dolores López Rego (mestra de Educación Infantil)

A Coordinadora do equipo será Mª Dolores López Rego

As reunións do equipo celebraránse, unha vez ao mes, o día no que se reúnan o resto dos equipos do centro e será o primer luns de cada mes.

A dinámica que imos empregar no equipo é a de propoñer ideas que logo se comentarán ao resto do profesorado, ben por medio do Claustro, ben en diferentes reunións que xurdan.

## 3- ACTIVIDADES

As actividades lectivas durante este curso realizaranse desde o día  8 de setembro de 2025 ata o 19 de xuño de 2026, ambos incluidos.

### 3.1 As actividades previstas deste curso son:

- Samaín e Magosto
- Nadal ( no mes de decembro)
- Día Escolar da Non Violencia e a Paz (30 de xaneiro)

- Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro)
- Entroido (Do 9 ao 13 de febreiro)
- Maios (No mes de maio)
- Semana do Libro
- Semana das letras Galegas
- Fin de curso (Excursións durante o mes de xuño)
- Participación en concursos escolares
- Programa Prensa – Escuela de la Voz de Galicia (nos grupos de 5º e 6º)
- Carreira solidaria ( asociación Save the children)
- Excursións de final de curso.
- Contacontos e obras de teatro
- Actuación musicais
- Todas as actividades propostas e outras que se propoñan por niveis ao longo deste curso estarán en coordinación co resto de Equipos, e procurarase que sexan levadas a cabo en galego.

3.2 Conmemoracións

Organizarase no horario lectivo, actividades de interese relacionadas co proxecto educativo co obxecto de promover ou celebrar conmemoracións que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental.

Celebrarase as conmemoracións que establezan na programación xeral anual, tendo en conta, de ser o caso, os criterios sobre a incorporación de elementos transversais e sobre o deseño das actividades complementarias recollidos na concreción curricular. Para estes efectos, as conmemoracións indicadas terán carácter orientativo.

- **Conmemoracións orientativas**

- 20 de novembro de 2025: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2025: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2025: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2025: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2025: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2026: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2026: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2026: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2026: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2026: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2026: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2026: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2026: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2026: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2026: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2026: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2026: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2026: Día Mundial do medio Ambiente
- Conmemoración para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual ( pendente de fixar unha data )

Ortigueira, 19  de setembro 2025

A Coordinadora do Equipo

Asdo: Mª Dolores López Rego

# ANEXO VII

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# PROXECTO PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO

CEIP JOSÉ MARÍA LAGE

CURSO 2025-26

# ÍNDICE

1. Membros do equipo.

2. Xustificación do proxecto.

3. Breve estudo sociolingüístico do Centro.

4. Situación do profesorado.

5. Situación do alumnado.

6. Situación lingüística do Centro.

7. Obxectivos xerais deste Proxecto.

8. Obxectivos en relación a contorna sociolingüística do Centro.

9. Obxectivos en relación á situación do profesorado.

10. Obxectivos en relación á situación do alumnado.

11. Obxectivos en relación á situación sociolingüística do Centro.

12. Actividades.

12.1. Celebración das conmemoracións.

12.2. Actividades en colaboración coas familias.

12.3. Actividades en colaboración co Concello e outros organismos e asociacións.

## 1.MEMBROS DO EQUIPO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP José Mª Lage durante o curso 2025 – 26 está constituído polos seguintes membros:

Noemi Caaveiro Carballo (Pedagoxía Terapeútica e Xefa de estudos)

Lucas López Mariño (Lingua Inglesa)

María del Carmen Piñón García (Titora 5° Primaria)

Aurora Vila Altesor (Titora 3° Primaria) e

María Jesús Roca Cortés (Titora 6° Infantil e Coordinadora do EDLG).

Para que todo o claustro de profesores coñeza con antelación a información e actividades programadas polo equipo enviaranse correos electrónicos e realizaranse reunións de ciclos e xerais. Cada membro do equipo pertence a un ciclo, polo que se encargarán de transmitir a información a todos os compañeiros/as do seu ciclo.

## 2.XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Con este proxecto pretendemos deseñar unha serie de actividades e actuacións dentro do Centro educativo, encamiñadas a fomentar o coñecemento e uso da nosa lingua, como parte fundamental do noso patrimonio cultural. Estas actuacións están dirixidas á participación de toda a comunidade educativa.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os seguintes:

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3.BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CEIP José Mª Lage está situado na localidade de Ortigueira, no Concello de Ortigueira.

Ten 4 unidades de Educación Infantil e 9 unidades de Educación Primaria. Neste curso temos unha matrícula de 183 alumnos/as. Dos que 52 son de Educación Infantil e 131 corresponden a Educación Primaria, e que ofrecen as seguintes características en canto a súa diversidade:

A maioría das familias son galegas, aínda que hai algunha que procede doutras comunidades autónomas e outros países. A nosa comunidade educativa fala: galego, castelán, catalán, alemán, inglés, ruso, chinés, ladino, romanés, árabe, francés, holandés e portugués.

A lingua empregada polos nenos/as do noso Centro é maioritariamente o castelán, pois esta é a lingua de influencia do contorno do colexio.

## 4.SITUACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado do centro está composto por 23 mestres/as distribuídos da seguinte maneira:

9 titores/as de Ed. Prim.,

4 titoras de Ed. Inf.,

1 mestra de apoio en Ed. Infantil (secretaria),

1 mestra especialista en Ed. Musical,

2 mestres especialistas en Ed. Física,

2 mestres especialistas en Lingua Inglesa,

1 mestra especialista en P.T. (xefa de estudos),

1 mestra especialista en A.L.,

1 mestre de Relixión e

1 Orientadora, (compartida co CEIP Francisco López Estrada, da localidade de O Barqueiro, concello de Mañón), que asume a función de directora.

Tamén contamos cunha auxiliar de conversa (a partir do 1 de outubro, compartida co IES de Ortigueira).

Sobre a metade do profesorado emprega o galego na súa vida cotiá e tamén no Centro educativo. O resto de profesorado dispón dunha capacidade alta para empregar o galego na actividade docente. Cada vez son máis mestres os que empregan o galego como primeira lingua. E case todos teñen boa disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada.

Todos os actos festivos, celebracións lúdicas e demais eventos véñense desenvolvendo en lingua galega.

## 5.SITUACIÓN DO ALUMNADO

Nesta zona o coñecemento e uso da lingua galega é medio - baixo.

A maioría do alumnado fala castelán habitualmente nas súas casas, coas familias e amigos e nas actividades extraescolares. Unha porcentaxe moi baixa emprega as dúas linguas, galego e castelán, pero no contexto colexio/aula trataremos de que se empreguen indistintamente.

Polo que se refire á lectura, a grande maioría do alumnado elixen libros da biblioteca escolar ou da biblioteca de aula segundo a temática e non se fixan no idioma.

## 6.SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O galego e o castelán utilízanse indistintamente no centro. O galego é a lingua de comunicación escrita, por parte do profesorado, co alumnado e cos membros da comunidade educativa (familias, persoal non docente, outras administracións, ...)

Atendendo á consecución dos obxectivos incluídos na nosa Programación Lingüística do Centro, elaborado ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, o galego é a lingua

empregada en documentos, avisos, anuncios, comunicacións do Centro ás familias, páxina web, abalar, etc.
Empregamos tamén o galego na redacción de actas de claustros, consellos escolares, reunións de niveis e ciclos e dos diferentes equipos (Biblioteca, TICs, ACE, Polos Creativos, Benestar Emocional, PFPP, ...), así como nas relacións cos organismos oficiais.

## 7. OBXECTIVOS XERAIS DESTE PROXECTO

• Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
• Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
• Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
• Seguir promovendo a escrita en galego en toda a documentación empregada a nivel interno.
• Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos, ...

• Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galega.

• Dotar á biblioteca de exemplares en galego e promover o seu uso.

• Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
• Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.

• Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.

• Manter e promover relacións abertas co Concello e outras institucións.

• Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
• Promocionar as festas tradicionais galegas.
• Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía, ...

## 8. OBXECTIVOS EN RELACIÓN A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego que evite os prexuízos existentes e estimule actitudes positivas cara ao uso do galego.
- Pedir a colaboración das familias para algunha das actividades que se realicen no Centro.
- Colaborar con outras institucións no desenvolvemento de favorecer o fomento da lingua e o coñecemento da realidade galega.

## 9. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Participar, cando o profesorado o considere oportuno, nas distintas actividades culturais ofertadas polo Concello e as diferentes asociacións locais.
- Seleccionar e elaborar material en galego para empregar nas distintas áreas (materiais impresos e materiais utilizando as TICs).
- Fomentar a lectura de libros en galego en todos os xéneros (teatro, poesía, banda deseñada, ...) por parte do alumnado, procurando ter unha ampla variedade dos mesmos na biblioteca escolar e nas aulas.
- Participar na celebración de festas populares galegas (Samaín, Magosto, Entroido, Maios, Letras Galegas,...)
- Mercar material en galego en diferentes formatos: libros, xogos, etc.
- Recopilar costumes, tradicións, xogos, cantos, ... ao longo do curso, coas familias do alumnado para recuperar o pasado.
- Seguir empregando o galego nos documentos didácticos elaborados polo profesorado.
- Fomentar a adquisición progresiva da lectura e escritura en galego, no senso de que esta se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado adquira unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego cos compañeiros/as e co profesorado.
- Garantir a adquisición da competencia lingüística propia do nivel das dúas linguas oficiais na nosa Comunidade Autónoma, (na etapa de Educación Primaria).
- Garantir que o alumnado reciba un 50% da súa docencia en galego. Polo tanto as materias que se impartirán en galego en E.P. serán as seguintes:

Lingua galega, Ciencias sociais, Ciencias da natureza, Relixión ou Proxecto competencial, Música e Valores cívicos e éticos en 6° de primaria.

As materias que se impartirán en castelán serán:

Lingua castelá, Matemáticas, Educación física e Plástica en 1° e 2° de primaria en inglés e castelán e de 3° a 6° en castelán.

- Fomentar o uso da lingua galega na etapa de Educación Infantil, respectando a lingua materna do alumnado. E ir progresivamente introducindo actividades (lectura de contos, cancións, poesías, xogos, actividades nos recunchos,…) en galego.

## 10. OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN DO ALUMNADO

- Empregar o máximo número posible de material didáctico en galego: libros, música, material lúdico para TICs,…
- Participar nas actividades culturais ofrecidas polo Concello e diferentes asociacións.
- Empregar o material en galego seleccionado polo profesorado nas diferentes áreas.
- Ler todo tipo de libros en galego, tanto nas aulas como na biblioteca escolar.
- Realizar actividades en galego, tanto de lectura como escritura, relacionadas coa adquisición de vocabulario.
- Participar na celebración de festas populares galegas (Samaín, Magosto, Entroido, …).
- Respectar e valorar as relacións co medio, a través do desenvolvemento dun espírito crítico.

--- Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, e deberá ter en conta a lingua da contorna procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante no alumnado de Ed. Inf. é o castelán, según cuestionarios cumplimentados nos últimos anos polas familias.

A segunda lingua o galego, será introducida paulatinamente con actividades como debuxos e fotos, contos, películas, cancións e retrousos, monicreques,…

--- Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

--- Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal, os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

## 11.OBXECTIVOS EN RELACIÓN Á SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Participar na celebración de festas populares galegas.
- Realizar actividades conxuntas co Concello e outras institucións cara o uso do galego e a divulgación da cultura galega.
- Participar e colaborar cos distintos equipos do centro (Biblioteca, TICs, ACE, Polos Creativos, Bebestar Emocional) para a realización de actividades.

## 12.ACTIVIDADES

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs, …

- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.

- Informar ao profesorado en xeral, sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas.

- Visita a lugares de interese da comarca.
- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Viaxes didácticas: organizaranse variadas actividades extraescolares para o coñecemento de entidades, institucións, feiras ou espazos xeográficos da vida galega e para a promoción da súa cultura, (en colaboración co equipo de ACE).

- Participación en concursos (tanto a nivel escrito como orais) organizados por organismos oficiais que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.

- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que se realicen na Biblioteca e Teatro Municipais.

- Recuperación de xogos populares.

- Dar a coñecer os oficios de sempre que se van descoñecendo na actualidade.
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro (PLAMBE). Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos/as, os seus pais, avós ou outros familiares.

- Ampliación dos fondos da biblioteca de aula, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.

- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.

## 12.1. CELEBRACIÓN DAS CONMEMORACIÓNS

Segundo se recollen no anexo I da Orde do 8 de maio de 2025, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025 – 2026, os titores/as celebrarán as conmemoracións co seu alumnado dentro das súas programacións didácticas e os equipos ACE, Biblioteca, TICS, Polos Creativos, Benestar Emocional e DLG realizarán as seguintes conmemoracións e outras que reforzan as tradicións culturais galegas de xeito conxunto:

NA PROCURA DO LEMA PARA O CORRELINGUA 2026, (mércores 8 – venres 10 outubro):

Os alumnado e profesorado de xeito voluntario, pode participar nesta actividade aportando o seu lema acompañado dun debuxo. A participación pode ser individual ou un por clase.

O EDLG entre os traballos presentados escollerá o que represente máis o fomento da nosa lingua e enviarase para participar no concurso a nivel Galicia.

Expoñeranse todos os traballos presentados no taboleiro de DLG.

Convidarase ao alumnado a facer unha exposición oral sobre o fundamento do seu traballo.

SAMAÍN e MAGOSTO, (xoves 30 outubro):

Darlle máis protagonismo á castaña que á cabaza.

Realizar estacións de aprendizaxes con 4 actividades (unha por cada equipo TICS, ACE, Biblioteca, DLG) e que todo o alumnado de xeito rotatorio vai participando nelas.

Posibles actividades:

-O alumnado voluntario de 5° e 6° nos recreos piquen as castañas para o Magosto.

-Que todo o alumnado observe como é o asado das castañas.

-Pódese pedir colaboración ás familias que teñan cabazas, caiotas, ... (sen mercalas), para poder decoralas ese día nunha estación de aprendizaxe.

-Elaboración de colares de castañas (con zonchos). Pódese pedir unha bolsiña de castañas ás familias (sin que as teñan que mercar, as que poidan apañar polos castiñeiros). Tamén se recollerían no castiñeiro que temos no colexio. No comedor escolar facer os zonchos para despois confeccionar os colares.

-O alumnado e profesorado poden vir caracterizados, con motivos relacionados coa festividade.

-Colaboración coa ANPA Curuxeira para o asado de castañas.

Visita didáctica ao Xulgado de Ortigueira, (luns 1 - venres 5 decembro):

Para conmemorar a Constitución e o Estatuto de Autonomía o alumnado de 5° e 6° de Primaria, se é posible, realizará unha visita ás instalacións do Xulgado xunto cos seus profesionais.

Rosalía de Castro, (xoves 19 e venres 20 febreiro):

Hai 2 posibles actividades (voluntarias):

-Facer cantos ou recitados polos comercios (avisados con antelación) da vila e agasallalos cun mural, feito polo alumnado, para poñer no escaparate, esta posible actividade poderá realizarse por aula, nivel ou ciclos, a decidir polo profesorado.

-Colaborar coa Biblioteca Municipal para a realización dalgunha manualidade e recitado de poemas.

Poderase traballar esta actividade durante a Hora de Ler.

Semana das Letras Galegas, (luns 5 ao venres 15 maio):

-Traballar en titoría a vida e obra de Begoña Caamaño, persoa homenaxeada no 2026.

-Posibles actividades, para realizar unha soa:

- -Xogos Populares, superando retos ou dando pistas sobre coñecementos da autora homenaxeada, un xeito de xincana.
- -"Scape room", tamén para reforzar os coñecementos adquiridos sobre Begoña Caamaño.

A palabra do día, (outubro – maio):

Cunha temporalización semanal:

-Publicar a palabra o luns o EDLG.

-Investigación sobre significado, outros idiomas e sinónimos entre o alumnado e profesorado que queiran participar.

-Publicar outras curiosidades sobre a palabra o venres o EDLG.

Pódese investigar sobre a palabra durante a Hora de Ler.

A finalidade desta actividade e dinamizar e fomentar o uso da nosa lingua.

Medio ambiente, (durante todo o curso):

Acondicionar a zona do patio interior da entrada con mesas de traballo para hortos.

Pedir colaboración ao ciclo de madeira do IES para facer 4 mesas de horto (unha para cada ciclo) de diferentes alturas e a ASPROMOR.

Proxecto Intercentro, (durante todo o curso):

O noso colexio participará nun proxecto intercentros, que aínda se está a programar, para crear e compartir podcasts sobre a gastronomía das diferentes zonas de Galicia.

A nosa colaboración a nivel de centro será voluntaria por titorías, so participarán as aulas interesadas.

No 1° trimestre organizaranse os colexios participantes, estableceranse os criterios sobre formato, duración, música, ...

No 2° trimestre realizaranse as gravacións.

No 3° trimestre buscarase a plataforma que mellor se adecue para compartilo.

---O Equipo de DLG colaboraremos na realización das actividades propostas polos demáis equipos (Biblioteca, TICs, Polos Creativos, Benestar Emocional e Actividades Complementarias e Extraescolares). A modo de exemplo: Nadal, A Paz, Entroido, Semana do Libro, Maios, ...

## 12.2. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Pediremos colaboración ás familias para a elaboración de materiais referidos ás distintas celebracións, conmemoracións, festas, ...

## 12.3. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CO CONCELLO E OUTROS ORGANISMOS E ASOCIACIÓNS

- Colaboraremos coa aula de informática Cemit do Concello para a realización de actividades relacionadas co Nadal, Día das Letras Galegas, ...
- Participaremos en representacións teatrais no Teatro da Beneficencia.
- Participaremos nas actividades propostas pola Biblioteca Municipal.
- Organizaremos actividades conxuntas en colaboración coa ANPA Curuxeira.

---O equipo de EDLG quere deixar aberta esta programación a calquera actividade que poida xurdir ao longo do curso e se considere oportuno realizar.

Todas as actividades e traballos realizados durante o curso serán publicados na páxina web, na galería do centro coa colaboración do equipo TICs.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# ANEXO VIII

## PLAN DE TRABALLO ENMARCADO NO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

## 2025-2026

Fernando Cancelo Pardo (coordinador)
Noemi Caaveiro Carballo
Fernando Fornos Aguiar
Iria Naveiras Orjales

**A) Introdución**

Este Plan de traballo é a concreción que formará parte da programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se desenvolverán durante o curso académico 25/26, respondendo ao compromiso do equipo docente coa promoción dunha convivencia positiva, baseada no respecto, na empatía e na resolución pacífica dos conflitos.

A súa elaboración é responsabilidade da persoa coordinadora de benestar e convivencia, que actuará baixo a supervisión da dirección do CEIP José Maria Lage de Ortigueira e emana do Plan de benestar para profesores, alumnado e familias.

A posta en marcha deste plan xustifícase pola necesidade de dotar ao alumnado de ferramentas socioemocionais que melloren o clima escolar, preveñan situacións de conflito e favorezan o desenvolvemento integral do alumnado, polo que ten como principal propósito promover un ambiente educativo positivo e inclusivo.

**B) Contorna**

O CEIP José María Lage situase na localidade de Ortigueira, nun entorno xeográfico diverso e rico culturalmente. As familias dos estudantes sitúanse na súa maioría nun nivel socioeconómico medio e medio-baixo. Destaca a presenza de alumnado de orixe inmigrante, que subliña a importancia de integrar unha perspectiva multicultural na planificación do benestar emocional. A situación de partida do CEIP José María Lage en relación coas súas funcións educativas abrangue varios aspectos que deben ser considerados na análise do contexto. Estes aspectos son fundamentais para comprender as necesidades e retos específicos do centro na posta en marcha do plan de benestar emocional. A continuación móstrase a situación de partida no ámbito das funcións do centro:

- Diversidade de Necesidades Educativas: o Centro atende unha variedade de Necesidades Específicas de Apoio Educativo, incluíndo Trastornos do Desenvolvemento, Trastornos da Conduta, Trastornos da Aprendizaxe, Altas Capacidades Intelectuais, Discapacidades e Dificultades Específicas de Aprendizaxe. Esta diversidade pon de manifesto a importancia dunha coidadosa planificación e implementación de estratexias diferenciadas para atender as necesidades específicas de cada alumno.

- Recursos educativos dispoñibles: a pesar de estar situado nunha contorna xeográfica diversa, o centro ten recursos educativos limitados en comparación cos centros educativos máis grandes. Isto subliña a importancia de optimizar os recursos dispoñibles e de buscar colaboracións e apoios externos, como o Departamento de Orientación, para reforzar o desenvolvemento dun plan integrde benestar emocional no CEIP José Mª Lage.
- Cultura e Comunidade Escolar: O centro está inmerso nunha comunidade escolar que reflicte unha mestura de culturas e experiencias, o que require un enfoque sensible e comprensivo para garantir a inclusión de todo o alumnado e as súas familias. Isto pon de manifesto a necesidade de promover un ambiente escolar inclusivo que fomente o respecto mutuo e o entendemento entre todos os membros da comunidade educativa. Considerar esta situación de partida permitirá ao equipo docente e aos responsables do plan de benestar emocional atender de forma eficaz ás necesidades específicas do Centro e desenvolver estratexias relevantes e adaptativas que favorezan un ambiente educativo seguro, solidario e propicio para o crecemento persoal e académico de todo o alumnado.

No centro detectáronse certas dificultades de convivencia asociadas a:

- ➔ Falta de habilidades socias en determinados grupos.
- ➔ Dificultades para xestionar conflitos durante os recreos.
- ➔ Necesidade de mellorar a comunicación e a empatía.
- ➔ Casos puntuais de relacións tensas entre alumnado no 2º e 3º ciclo.

Como elementos positivos cómpre salientar:

- ➔ Boa disposición do profesorado na implantación de programas e actuacións na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
- ➔ Experiencia previa na dinámica de prácticas restaurativas
- ➔ Participación de algunhas familias durante o curso pasado na dinámica do círculo do diálogo

**C) Obxectivos**

OBXECTIVO XERAL

- ➢ Favorecer un clima de convivencia positiva que promova o benestar emocional e a convivencia baseada no respecto mutuo e na solidariedade recíproca.

INDICADORES

- Mellorar as habilidades socioemocionais do alumnado a través das tarefas propostas
- Diminución das medidas correctoras tras a redución dos conflitos leves nos recreos
- Promover o diálogo nas prácticas restaurativas
- Implicar ao alumnado no modelo de educación deportiva e cooperación nos recreos, aumentando a súa participación nas diferentes actividades deportivas
- Promover a cultura de mediación e a responsabilidade
- Dotar ao profesorado de ferramentas restaurativas e preventivas tras a participación no PCPP para o seu desenvolvemento e/ou no establecemento do obxectivo a traballar coa sua aula xunto con coordinador de convivencia

OBXECTIVO XERAL

- ➢ Promover un entorno escolar inclusivo e respectuoso

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Fomentar a empatía e a comprensión entre os estudantes
INDICADORES

- Número de sesións grupais de resolución de conflitos na que se evidencia un aumento na comprensión de perspectivas entre os estudantes involucrados
- Porcentaxe de aumento no uso da linguaxe respetuoso entre os estudantes en situacións conflitivas

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Mellorar a capacidade de resolución de conflitos dos estudantes
INDICADORES

- Porcentaxe de estudantes que utilizan estratexias de resolución de conflitos aprendidas en situacións cotiáns.

- Porcentaxe de alumnado que mostran habilidades efectivas de comunicación durante situacións de conflito no patio ou en actividades grupais.

OBXECTIVO XERAL

➢ Desenvolver habilidades sociais e emocionais no alumnado, profesorado e familias.

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Mellorar as habilidades de comunicación dos estudantes

INDICADORES

- Porcentaxe de alumnado que amosan melloras na capacidade de escoitar e comprende as perspectivas dos seus iguais durante as discusións na clase

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Facilitar o desenvolvemento da intelixencia emocional no alumnado

- Número de alumnado que amosa unha maior empatía cos seus compañeiros/as e mostran un comportamento compasivo en situacións problemáticas.
- Aumento do número de alumnado que recorre a estratexias de xestión do estrés e da ansiedade aprendidas nas sesións de intelixencia emocional.
- Descenso porcentual de condutas disruptivas ou reaccións impulsivas na aula tras a posta en marcha de programas de intelixencia emocional.
-

OBXECTIVO XERAL

➢ Fomentar a autoestima e a confianza en todos os membros da comunidade educativa.

➢

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Promover unha autoimaxe positiva entre o alumnado

INDICADORES

- Porcentaxe de estudantes que participan activamente en actividades extracurriculares e demostran un aumento na confianza persoal
- Aumento no número de estudantes que buscan oportunidades de liderado e asumen roles de responsabilidade en proxectos escolares

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Mellorar a satisfacción laboral e a autoconfianza do profesorado

INDICADORES

- Participación do profesorado en actividades de colaboración e desenvolvemento profesional, con foco no reforzo da autoconfianza e da satisfacción laboral, medida pola asistencia a obradoiros e eventos específicos.
- 

OBXECTIVO XERAL

➢ Mellorar a comunicación e a colaboración entre todos os implicados no proceso educativo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Facilitar unha comunicación eficaz entre o profesorado e as familias

INDICADORES

- Mellora porcentual na asistencia dos pais e na participación nos actos escolares despois de implantar estratexias de comunicación máis eficaces.
- Número de pais que participan activamente en grupos de apoio e asociacións de pais e profesores para mellorar a comunicación e a colaboración.

**D) Tarefas:**

Todas as tarefas están deseñadas e relacionadas coa prevención e resolución de posibles problemáticas e a promoción do benestar persoal nun contexto da vida real (tarefas e actividades vivenciais). Proporase unha metodoloxía fundamentalmente comunicativa, activa e participativas, dirixida ao logro dos obxectivos indicados anteriormente.

Preténdese un espazo onde se promova ao alumnado cara unha convivencia positiva a través dunha verdadeira cultura colaborativa, fomentando a participación de toda a comunidade educativa na vida do centro escolar, favorecendo o diálogo e as actitudes prosociais.

Por outra banda, no desenvolvemento das diferentes actividades incluiranse aquelas que axuden a traballar a competencia e as habilidades sociais, que representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha competencia positiva entendida, como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na

interrelación harmoniosa e sin violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

**AXIA, O Universo do bo trato**: *Non hai nave sen tripulación, nin luz sen bo trato*
Trátase dun proxecto educativo presentado pola Fundación Meniños. É un proxecto vivencial e simbólico que promove o benestar emocional e a saúde mental infantil, prevén a violencia e fomenta o bo trato. É unha experiencia que fortalece a saúde mental, promove o coidado mutuo e constrúe comunidades escolares libres de violencia.
Vai dirixido ao alumnado do 1º ciclo de Primaria (6-8 anos). O profesorado titor, en colaboración cás familias e en coordinación coa persoa coordinadora de benestar e convivencia levarán a cabo o conxunto de tarefas deste proxecto.
Os recursos que ofrece Axia ao centro son os seguintes:

- Unha xornada inmersiva na aula de 100 minutos, ofrecida polo equipo técnico AXIA
- Un Kit Galáctico con materiais simbólicos para alumnado, profesorado e familias
- Comunidades virtuais exclusivas con propostas, retos mensuais, vídeos...

**"COLEXIO BENQUERER"**: Trátase dun proxecto educativo presentado pola Fundación Meniños, a través do cal realízanse actividades para traballar a educación afectivo sexual de maneira ampla e integral, abordándoa dende o respecto e o bo trato, e tendo como fíos condutores a igualdade, a educación emocional e o desenvolvemento do pensamento do pensamento crítico.
Vai dirixido ao alumnado de 6º de educación primaria. Ademais, aproveitaremos a celebración de algunha efeméride para seleccionar recursos do proxecto e adaptalos ao alumnado de 5º de primaria. O profesorado titor, en coordinación da persoa de coordinadora de benestar e convivencia, implementarán o conxunto de actividades do proxecto.
O obxectivo é que o alumnado interiorice o benquerer nas súas relacións, querer ben, con confianza, con liberdade e con respecto.
Para isto irán descubrindo deferentes actividades relacionadas coas seguintes áreas:

- Coñecemento persoal e aceptación: abórdase o coñecemento persoal, tanto a nivel físico como psicolóxico.
- Diversidade: aborda a diversidade sexual e a familiar, expoñendo as diferentes formas de ser e de sentir, e promovendo o respecto e o bo trato.

- Comunicación e educación emocional: as actividades céntranse no desenvolvemento dunha comunicación empática e asertiva, axudando a entender as diferentes formas de expresar afecto e os distintos estilos comunicativos, así como facilitando o establecemento de relacións respectuosas.
- Prevención do abuso sexual infantil: protexer ao alumnado destas situacións pasa porque aprendan a identificar os seus límites persoais, a dicir que non, a aprender a identificar os segredos que poden ser daniños para si ou para outra persoa, e a identificar súa rede de persoas de confianza.
- Análise social: estimularase o pensamento crítico para que comprendan e rexeiten os estereotipos de xénero e as mensaxes sexistas

Tadas as actividades estarán enmarcas no ficticio "colexio de Benquerer"

**<u>ENQUISA AO ALUMNADO:</u>** Trátase de coñecer a percepción do alumnado sobre o clima escolar, o grao de benestar e as relacións entre iguais a través da realización dunha enquisa anónima, con preguntas sinxelas e escalas de valoración. A finalidade desta ferramenta será a de detectar  necesidades e valorar a evolución cara o final do ano escolar.

**<u>MODELO DE EDUCACIÓN DEPORTIVA NOS RECREOS:</u>** Trátase de propoñer unha guía de xogos de carácter inclusivo, cooperativo e respectuoso. Establecerase un calendario de xogos deportivos rotativos coa implicación do mestre de educación física, quen se encargará de transmitir nun primeiro momento ao alumnado as normas e valores do xogo limpo. As persoas responsables desta actividade son, ademais do mestre de educación física, o coordinador de benestar e convivencia. Facilitarase ao alumando o relativo á información sobre as normas, o uso do material deportivo que faia falta e os espazos diferenciados no colexio.

**<u>REUNIÓNS RESTAURATIVAS</u>**: Trátase de xestionar conflitos concretos entre o alumnado mediante o diálogo guiado entre as partes implicadas e co coñecemento de profesorado titor. O desenvolvemento desta reunión terá implícita una estrutura restaurativa: escoita activa, identificación do dano, reparación dese dano, recoñecemento da responsabilidade dos actos e compromisos acadados por cada unha das partes afectadas. A implicación do alumnado nesta tarefa é compatible oas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

**PRÁCTICAS RESTAURATIVAS, O CÍRCULO DO DIÁLOGO**: O círculo do diálogo é unha ferramenta de creación de comunidade e fomento da participación do alumnado. O círculo impulsa que as persoas poidan participar en igualdade de condicións: o obxecto da palabra vai pasando de man en man, de maneira que todas as persoas, por quendas, teñen a oportunidade de compartir o seu punto de vista, sendo escoitadas con respecto. Tamén é unha oportunidade de adestrar a escoita pasiva, na que non intervimos de forma visible, pero atendemos con curiosidade ás achegas de cada un dos membros. Trátase pois dunha reunión de persoas que se comunican. A disposición en forma de círculo facilita mirarnos á cara, nunha relación de igual a igual. A persoa coordinadora coida o círculo, facilitando a comunicación dende o respecto e a escoita activa, e coida o proceso, é dicir, o desenvolvemento do círculo e das persoas que o integran.
O círculo ten unha apertura e un peche, onde se distinguen as seguintes fases: A estrutura consiste en acoller e explicar o funcionamento do círculo, crear un clima adecuado para falar e escoitar, complementar actividades dinámicas que permitan a mistura dos participantes para facilitar o coñecemento e recoñecemento das outras persoas, clarificar os obxectivos xunto coa persoa titora e a intencionalidade do círculo, e comenzan as rondas de preguntas, das máis sinxelas e sen compromiso emocional, ás que fan referencia ao tema que queremos abordar, pasando o obxecto da palabra de persoa a outra. Todas as achegas son escoitadas, todas son válidas.

**XOGANDO COA IMAXINACIÓN: *Walt Disney "se podes soñar, podes facelo"***

A finalidade desta dinámica é a aprendizaxe e a creación de imaxes positivas que proporcionen un estado de benestar, calma e acougo.

Ten por obxectivo:

- Potenciar a escoita, a relaxación, a calma e a percepción dos sentidos, recordando cheiros, formas texturas ou sabores
- Desenvolver a creatividade e a imaxinación
- Aprender a respirar e a experimentar sensacións positivas

Estrutura da tarefa:

1. Crear unha atmosfera adecuada
2. Preparación do grupo

3. Relaxación previa
4. Narración dun conto, ambientado na natureza (contorna agradable e fantástica). O relato será breve (15 minutos) e sinxelo en canto a súa estrutura e linguaxe, con fin de conducir, orientar e guiar ao alumnado. Será contado en segunda persoa dunha maneira agradable e positiva ao mesmo tempo que induce a sensacións.
5. Realización dun debuxo e reflexión persoal sobre esta tarefa.

**E) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan**

O seguimento deste plan de traballo será realizado trimestralmente entre a directora do centro, a xefatura de estudos, o mestre de educación física e o coordinador de benestar e convivencia coa finalidade de avaliar o grao de cumprimento das accións e tarefas propostas anteriormente, a detección de dificultades e propoñer posibles melloras.

Asi mesmo, ao remate do curso realizarase unha memoria final deste plan na que se establezan os obxectivos acadados e tamén as posibles propostas de cara o vindeiro curso académico.

# ANEXO IX

**CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

CURSO 2025-26

O Plan Xeral de Atención á Diversidade pretende concretar a resposta educativa para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que no presente curso se atopa escolarizado no ámbito de actuación deste Departamento de Orientación, que está compartido co CEIP Francisco López Estrada, situado na localidade de O Barqueiro (Mañón).

Dito Plan, que forma parte do Proxecto Educativo do centro, debe concretarse para cada ano, establecendo os obxectivos prioritarios a desenvolver no presente curso, así como as principais medidas de atención á diversidade que se aplicarán, sen prexuízo de levar a cabo calquera outra recollida na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta concreción será incluída na Programación Xeral Anual do centro.

**OBXECTIVOS**

Os obxectivos emanan do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como das necesidades de mellora detectadas o pasado curso, e concrétanse no seguinte:

- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Deseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- Deseñar respostas educativas para o alumnado con NEAE.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con NEAE e dificultades na aprendizaxe.
- Planificar un uso axeitado dos recursos existentes no centro.

- Impulsar a formación do profesorado na atención ao alumnado con NEAE.
- Implicar a toda a comunidade educativa na tarefa compartida que supón a atención á diversidade.
- Desenvolver un programa de habilidades e competencias sociais.
- Actualizar o Plan de Orientación e adaptar os protocolos da Consellería á realidade do centro.
- Mellorar os mecanismos de coordinación interna do departamento de orientación.
- Introducir a aplicación de probas colectivas para a detección temperá de necesidades en momentos clave da escolarización.
- Colaborar co coordinador de benestar no desenvolvemento de actuacións para a mellora da convivencia.
- Incentivar nas familias o intercambio de información fluída e o acceso ao departamento de orientación

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE A DESENVOLVER NO CURSO 2025-2026**

| MEDIDAS XERAIS | | | |
|---|---|---|---|
| MEDIDA | DESTINATARIOS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN |
| Avaliación inicial do alumnado | Todo o alumnado | Equipo docente, DO | Setembro |
| Xuntanzas de coordinación do DO | Alumnado con NEAE | DO | Mensualmente |
| Avaliación psicopedagóxica | Alumnado con NEAE | Xefatura do DO | Todo o curso |
| Elaboración, revisión e actualización de informes | Alumnado con NEAE | Xefatura do DO | Todo o curso |
| Actuacións promotoras da convivencia | Comunidade educativa | Equipo docente, DO, coord. de Benestar | Todo o curso |
| Actualización do Plan de Orientación | Centro | Xefatura do DO | Todo o curso |
| Probas de cribado en 5.º curso de infantil | Alumnado de 5.º curso de infantil | Xefatura do DO | 2.º trimestre |
| Probas de cribado en 6.º curso de primaria | Alumnado de 6.º curso de primaria | Xefatura do DO | 3.º trimestre |
| MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | | | |
| MEDIDA | DESTINATARIOS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN |
| Adecuación da estrutura organizativa do centro | Todo o alumnado | XE co asesoramento do DO e a CCP | Todo o curso |
| Adecuación da organización e xestión de aula | Todo o alumnado | Equipo docente | Todo o curso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Adecuación das programacións didácticas | Todo o alumnado | Equipo docente | Todo o curso |
| Adecuacións metodolóxicas que promovan a inclusión | Todo o alumnado | Equipo docente | Todo o curso |
| Adaptación dos tempos, dos instrumentos ou dos procedementos de avaliación | Alumnado con NEAE | Equipo docente | Todo o curso |
| Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria | Alumnado con NEAE | Titores e profesorado con dispoñibilidade horaria | Todo o curso |
| Programas de enriquecemento curricular | Alumnado que presenta altas capacidades intelectuais | Equipo docente, co asesoramento do DO | Todo o curso |
| Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso | Alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso | Equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor | Todo o curso |
| Programas de habilidades e competencias sociais | Alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas | DO e profesorado titor | Todo o curso |
| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | | | |
| MEDIDA | DESTINATARIOS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN |
| Adaptacións curriculares | Alumnado con NEE e, excepcionalmente, alumnado con NEAE | Equipo docente coa colaboración do Departamento de Orientación | Todo o curso |
| Apoio do profesorado de PT e AL | Alumnado con NEE e, excepcionalmente, alumnado con NEAE | Mestras de PT e AL | Todo o curso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro | Alumnado procedente do estranxeiro con desfase curricular pronunciado e/ou descoñecemento das linguas vehiculares do ensino | Equipo docente, DO | Todo o curso |

As actuacións descritas constitúen o punto de partida para o presente curso escolar, pero poderán ser modificadas en calquera momento para adaptarse aos cambios que se produzan.

## SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e a avaliación da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase conforme o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e na Orde 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

# ANEXO X

# PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

CEIP JOSÉ MARÍA LAGE

**CURSO 25-26**



## PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

### 1. Introdución

A elaboración do presente documento ten como punto de partida os seguintes referentes legais:

- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, o cal recolle no seu **Artigo 35. Promoción de estilos de vida saudables,** o seguinte: os centros docentes deberán incluir dentro do seu Proxecto Educativo e funcional un Plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na PXA a través das correspondentes actuacións. O diseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa calificación ou especialización axeitada, e de acordo cos recursos dispoñibles.
- **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro , pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación,** recolle na súa **Disposición adicional cuadragésima sexta. Promoción da actividade física e a alimentación saudable**, o seguinte: as Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil. Co obxetivo de fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, ditas Administracións promoverán a práctica diaria de

deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos términos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garanticen un desenvolvemento axeitado para favorecer unha vida san e autónoma, para promover hábitos saudables de alimentación e a movilidade activa, reducindo o sedentarismo. Os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espacios abertos e entornos naturais. O diseño, coordinación e supervisión das medidas que a estos efectos se adopten serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización axeitada nestes ámbitos.

## 2. Análise do contexto

**O CEIP José María Lage** está situado no Concello de Ortigueira. Consta de 4 unidades en Educación Infantil e 9 en Educación Primaria, cun total de 193 alumnos/as. Está situado dentro do casco urbano do pobo e consta de comedor, transporte escolar, biblioteca e actividades extraescolares.

En canto as instalacións para a práctica de actividade física, conta coas seguintes: un ximnasio, con boas dimensións e dotado de variedade de materiais; un pavillón, con porterías e canastras; dúas pistas exteriores, unha con 4 canastras e outra con dúas porterías; unha pista de céspede artificial con dúas porterías; e por último, pequenas zonas verdes de céspede natural.

En relación co alumnado e a práctica deportiva, existe unha certa porcentaxe de alumnos/as que sí realiza actividade física fóra do horario lectivo, pero tamén existe outra porcentaxe que non.

Atendendo ás características do contexto, as **finalidades** deste Plan concrétanse en **dúas liñas** principais **de actuación**:

1) Reducir o sedentarismo e impulsar o **aumento de práctica de actividade física e deportiva** do noso alumnado (dinamización de patios: materiais e propostas deportivas distribuidas por zonas e por días)

2) Fomentar uns **bos hábitos alimenticios**, mediante o consumo de parvas saudables durante o recreo (horario semanal de parvas saudables)

## 3. Obxetivos do Plan

- Sensibilizar e concienciar a comunidade educativa sobre a importancia de realizar actividade física para manter unha boa calidade de vida.
- Mellorar a saúde mediante o aumento de práctica regular de actividade física.
- Incrementar o número de horas semanais que o alumnado adica á práctica de exercicio físico.
- Crear no alumnado uns hábitos deportivos saudables, e que estes perduren no tempo.
- Ofertar un diverso repertorio de deportes e actividades deportivas, para que obteñan unha bagaxe motriz mais ampla, e que podan usar tanto no patio como no seu tempo de lecer.
- Fomentar principios de respecto, cooperación, esforzo, diversión e superación.
- Crear uns hábitos alimenticios saudables e concienciar ao alumnado da importancia da alimentación con respecto a súa saúde.

## 4. Organización e desenvolvemento

### 1) Dinamización de patios

A dinamización de patio levarase a cabo durante os recreos.

O profesorado de E.F será o responsable de organizar, e poñer en marcha a actividade física. O alumnado de 3º a 6º implicarase activamente no desenvolvemento do Plan (elaborando equipos, densenvolvendo funcións dentro dos equipos, montando e desmontando os campos de xogo...) O alumnado voluntario de 6º terá ademais a función de sacar e recoller o material (caixa de materiais), tamén de facer o conteo e supervisar que todo o material está en perfecto estado ao finalizar o recreo (en caso de algún desperfecto, avisarán ao mestre de E.F, que tomará as medidas oportunas)

As actividades e materiais variarán por trimestre, buscando os intereses do alumnado e motivando na utilización dos diversos materiais.

As propostas deportivas semanais atópanse no **Anexo I** deste documento.

## 2) Parvas saudables

Coidando as parvas estaremos mellorando a saúde e a calidade de vida do noso alumnado. A continuación, proponse un horario semanal de alimentación saudable para os recreos, sendo sempre unha recomendación e nunca unha obriga.

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| **FROITA**<br>- Pezas de froita<br>- Macedonia<br>- Aguacate, tomate…<br>- Batido de froitas<br> | **LÁCTEOS**<br>- Queixo fresco<br>- Leite<br>- Iogur natural ou de froitas<br> | **BOCADILLO**<br>- De tortilla caseira<br>- Pavo<br>- Xamón cocido<br>- Polo<br>- Xamón serrano<br>- Atún<br>- Lomo<br>- Sándwich vexetal ou mixto<br>- Tortiñas de millo ou arroz | **FROITA**<br>- Pezas de froita<br>- Macedonia<br>- Aguacate, tomate…<br>- Batido de froitas<br> | **LIBRE**<br> |

A actividade consiste en implementar un calendario grupal visible na aula, co obxectivo de promover e consolidar hábitos saudables mediante o seguimento diario das merendas que o alumnado trae ao centro. Cada día lectivo rexístrase se máis da metade da clase trae unha merenda saudable.

Por cada bloque de catro semanas, se o grupo consegue que polo menos 12 días se cumpra o obxectivo, obterase unha recompensa colectiva motivadora, como minutos extra de recreo, obradoiro especial, xogo libre ou responsabilidade simbólica no centro. Este sistema, baseado na gamificación e na motivación positiva, busca reforzar a autonomía e o compromiso do alumnado respecto á súa propia alimentación, ademais de implicar ás familias na creación de rutinas saudables.

A actividade acompáñase de accións puntuais de educación nutricional, reflexión grupal e visibilización dos logros a través do propio calendario e de murais nas zonas comúns

do colexio. O seu carácter participativo e visual permite manter o interese e a constancia durante todo o curso, desenvolvendo competencias de traballo en equipo, toma de decisións e adquisición de hábitos para unha vida activa e saudable.




## 5. Procedemento de seguimento

O seguimento global do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables realizarase de xeito anual, recollendo as accións e actuacións realizadas, as propostas de mellora e as propostas de modificación a ter en conta para o Plan do seguinte curso.

Trimestralmente, introduciranse cambios nas propostas, tanto nos materiais, coma nas actividades físicas ofertadas, polo que, realizaremos enquisas ao alumnado sobre os seus intereses para as novas propostas e tamén reflexionaremos sobre as anteriores.

## 6. Avaliación e difusión

Para a difusión do Plan, usaremos diferentes vías, entre elas: claustro (presentación do

Plan ao comezo de curso e información e propostas trimestrais), as clases de E.F (punto de partida do Plan: información, explicación, motivación, participación…), carteleira en diversas zonas do centro e dípticos.

A avaliación do Plan realizarase mediante diversas actuacións: enquisas de satisfacción tanto ao alumnado coma ao profesorado implicado, a través da reflexión e o diálogo co alumnado nas clases de E.F; trimestralmente no claustro, para coñecer a modificación das propostas e reconducir ou mellorar aspectos do plan; e finalmente, cunha avaliación final, para obter información sobre o grado de adquisición dos obxectivos do plan e sobre a satisfacción xeral do mesmo.

# ANEXO I



# PLANIFICADOR SEMANAL
# PATIOS PRIMEIRO TRIMESTRE

LUNS
FÚTBOL/TDM
Materiais deportivos

MARTES
TECA/ TDM
DATCHBALL2º CICLO (ximnasio)
Materiais deportivos/Música

MÉRCORES
TECA/ TDM
DATCHBALL/ 3º CICLO (ximnasio)
Materiais deportivos

XOVES
TECA/ TDM
DATCHBALL/2ºCICLO (ximnasio)
Materiais deportivos/Música

VENRES
FÚTBOL/TDM
Materiais deportivos

## MATERIAIS DEPORTIVOS

Para o uso dos materiais deportivos requírese a colaboración do alumnado de 6º de E.P (voluntarios) Uns minutos antes do recreo, terán que baixar ao ximnasio a coller as caixas de material e distribuílas nas diferentes zonas de recreo. Ao finalizar o recreo, realizarán a revisión e conteo do material e devolverán as caixas ao ximnasio.

O contido das caixas variará por trimestres, sendo sempre material que fomente a participación, colaboración e respecto entre o alumnado.
Exemplos de materiais: discos voadores, combas, gomas, balón de baloncesto, palas e pelotas, materiais alternativos, materiais tradicionais...

## TECA

É unha adaptación do béisbol , na que se xoga pateando co pé  e realizando carreiras ao arredor das bases (conos). O equipo encargado de recoller a pelota debe pasarlla, mediante pases coa man (non está permitido correr coa pelota), ao xogador que está dentro do aro. Gaña o equipo que faga máis carreiras.

## DATCHBALL

Deporte alternativo, xurdido no 2006 para poñer en práctica nas clases de E.F. É un deporte de cancha dividida, xogan dous equipos mixtos e úsanse 3 pelotas. O obxetivo é eliminar xogadores do equipo contrario mediante
o golpeo cunha pelota.

Cada equipo comeza tocando a parede de fondo do seu lado. Ao berro de "Datchball" comeza o xogo. Un xogador é eliminado cando a pelota toca o corpo (menos a cabeza) e logo toca o chan. Os xogadores eliminados séntase na orde na que van saíndo e poden volver a entrar se un compañeiro/a fai aire. Tamén se elimina aos xogadores que pisen a liña que separa ambos campos. A pelota pode servir de escudo para esquivar os golpeos (pero si toca o corpo, aínda que se esté en posesión de pelota, ese xogador será eliminado)
Un aspecto moi importante é que son os propios xogadores os que teñen que recoñecer que foron tocados (XOGO LIMPO)

# Encargados
# Materiais patio

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Luns | | | | |
| Martes | | | | |
| Mércores | | | | |
| Xoves | | | | |
| Venres | | | | |



# Listaxe de Materiais

- 2 Balóns de baloncesto



- Comba grande



- 2 discos voadores



- 2 Gomas elásticas



- 2 aros



- Conos chinos



- Balón de fútbol



- Material Tenis de Mesa